



XUNTA
DE GALICIA

ESCOLA OFICIAL DE
IDIOMAS DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DEPARTAMENTO DE FRANCÉS

CURSO 2024/2025

Contido

1. INTRODUCCIÓN	4
1.1. MARCO LEGAL	4
1.2. CONTEXTO EDUCATIVO	4
2. NIVEL BÁSICO A1 E A2	5
2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	5
2.2. OBXECTIVOS XERAIS	6
2.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	6
3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2	53
3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	53
3.2. OBXECTIVOS XERAIS	54
3.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	55
4. NIVEL AVANZADO C1 E C2	108
4.1. DEFINICIÓN DO NIVEL	108
4.2. OBXECTIVOS XERAIS	108
4.3. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE	110
5. AVALIACIÓN.....	162
5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN	162
5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	162
5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL	162
5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA	162
5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO	163
5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN	163
5.2.5. PRBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN	164
5.2.6. AUTOAVALUACIÓN	165
5.3. CONVOCATORIA DAS PRBAS	167
5.4. ASISTENCIA	167
5.5. SESIÓNS DE ESTADARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓNS	167
5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	168
6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS	168
7. RECURSOS DIDÁCTICOS	171
8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO.	171
9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO	172
10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC	174
11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	175
12. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	177

13. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	178
14. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO	179

1. INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 16 de maio de 2024, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, a admisión, a matrícula e a organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2024/25.

1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

O Departamento de Francés da EOI de Santiago de Compostela existe desde a creación do centro e actualmente conta con 6 prazas docentes a tempo completo e unha praza a tempo parcial na sede de Vite e un docente a tempo completo na sección da EOI no IES Virxe do Mar de Noia.

En canto ao alumnado, atopámonos cun público heteroxéneo que, polo tanto, terá diferente:

- nivel de estudos (estudos primarios, secundarios ou universitarios);
- capacidade e ritmo de aprendizaxe;
- interese pola lingua (profesional e laboral, académico ou persoal);
- alfabetización tecnolóxica;
- idade (desde menores de idade a xubilados);
- condicións socioeconómicas (desempregados, persoal da administración pública, estudiantado de **secundaria ou universitario, persoal docente...**);
- coñecemento e contacto previo coa lingua;
- modalidade de acceso aos cursos e niveis que ofrece o departamento.

Se nos centramos nos dous aspectos máis importantes para analizar o contexto educativo do alumnado (o seu interese pola lingua e a modalidade de acceso aos estudos nos cursos de francés) cómpre comentar que no que di a respecto do interese do alumnado pola lingua, estas persoas teñen a necesidade de aprender e perfeccionar a lingua porque:

- desenvolven unha profesión relacionada co turismo (guía, dependente en comercio, empregado dun **establecemento hoteleiro...**), **co comercio (dependente de comercio, importación e exportación de produtos...)** ou **queren mellorar o seu currículo**;
- precisan un certificado de nivel por motivos académicos (estudantes de secundaria ou universitarios);
- contan con familia en/de países nos que se fala a lingua;
- realizan cursos de linguas para a súa formación profesional (profesorado de primaria e de secundaria);
- teñen un interese persoal ao contar con familia en/de países nos que se fala a lingua ou porque realiza viaxes de pracer;
- están interesado en facer unha actividade de carácter intelectual no seu tempo libre.

No que se refire á modalidade de acceso aos cursos e niveis ofertados polo departamento, atopámonos coas seguintes tipoloxías:

- pricipiantes absolutos, é dicir, alumnado que accede ao curso A1 ou A1/A2 integrado.
- procedente das probas de clasificación, é dicir, alumnado que accedeu, sen certificación, a cursos de A2, B1, B2, C1 ou C2 na convocatoria deste ano ou do curso anterior;

- que conta cunha certificación de EOI na convocatoria 2023/24, en anteriores convocatorias tanto do plano de estudos do 2007 coma do 1989;
- que promocionou de curso dentro da EOI no curso 2023/24, en cursos anteriores ou que repite curso;
- con certificacións doutras institucións nacionais (p. ex: Centro de Linguas Modernas da USC) ou internacionais (*Alliance française*, por exemplo).

Para cubrir a demanda de prazas, o Departamento de Francés ofrece no presente ano académico 2024/25 os seguintes cursos, tanto na sede de Santiago-Vite como na sección no IES Virxe do Mar de Noia:

NIVEL	Nº de grupos	HORARIOS
A1	3	1 grupo pola mañá (Vite) 3 grupos pola tarde (Vite)
A2	3	1 grupo pola mañá (Vite) 2 grupos pola tarde (Vite)
A1-A2 integrado	4	1 grupo pola mañá 3 grupos pola tarde (3 en Vite e outro en Noia)
B1	5	2 grupos pola mañá (Vite) 3 grupos pola tarde (2 en Vite e 1 en Noia)
B2.1	4	1 grupo pola mañá(Vite) 3 grupos pola tarde (1 en Vite e outro en Noia)
B2.2	3	1 grupo pola mañá (Vite) 2 grupos pola tarde (1 en Vite e outro en Noia)
C1.1	2	1 grupo pola mañá 1 grupo pola tarde
C1.2	2	1 grupo pola mañá 1 grupo pola tarde
C2	2	1 grupo pola mañá 1 grupo pola tarde
Total	28	

2. NIVEL BÁSICO A1 E A2

2.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

BÁSICO A1

O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

BÁSICO A2

O alumnado que supere o nivel básico A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e

habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

2.2 OBXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

A1	A2
<p>Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiáns e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan informacións moi sinxelas relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiáns e de inmediata necesidade ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situacións concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.</p>	<p>Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiáns e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.</p> <p>Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiáns, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p>Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiáns e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiáns ou con información persoal básica.</p>

2.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

BÁSICO A1

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURAS RECOMENDADAS
Básico A1	<i>Entre nous 1</i> (2022). Ed. Maison des Langues. ISBN: 978-84-19236-59-3 (Edition Hybride Tout en un) ou <i>Entre nous 1</i> . (2015). Ed. Maison des Langues. ISBN: 978-84-84439-18-9	As lecturas complementarias, de habelas, decidíranse na aula con cada profesor.

PRESENTACIÓN CURSO: 1 sesión (información sobre obxectivos, contidos, avaliación, material, recursos virtuais, etc.)

AVALIACIÓN INICIAL: 1 ou 2 sesións con diferentes tarefas que terán como finalidade a observación do coñecemento previo (ou a ausencia del) do alumnado.

AVALIACIÓN DE PROGRESO: O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica. No caso do nivel básico A1, a avaliación de progreso terá lugar entre o mes de decembro e xaneiro (antes de que remate o primeiro cuadrimestre) e o alumnado realizará distintas probas cunha tipoloxía semellante ás das probas finais.

SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: 60 sesións en total

REVISIÓN FINAL: 1/2 sesións con diferentes tarefas de actividade de lingua

1º cuadrimestre: unidades 1-4 / 2º cuadrimestre: unidades 5-8

UNIDADE 1: PRESENTARSE E SAUDAR (*ENCHANTÉ !*)

Obxectivos específicos:

Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.

Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.
Comprender información relevante en noticias moi breves que contén con apoio visual.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Convencións sociais: Fórmulas de cortesía. Saúdar e despedirse. Presentarse.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Deducir o significado de palabras a partir do contexto.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Usos sociais da lingua: saúdar e despedirse, presentarse ou presentar a alguén. Control da comunicación: manifestar comprensión e incompreensión, solicitar axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión, preguntar o significado dunha palabra ou expresión.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: formularios, carteis, letreiros e sinais. Textos orais: conversas cara a cara.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> O nome. Xénero e número. Os artigos definidos. Pronomes suxeitos e tónicos. Os cuantificadores. Numerais cardinais (de 1 a 20). O verbo. O presente dos verbos en -er (aimer- <i>s'appeler</i>).</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Educación: Léxico do material da aula e das</p>	<p><u>CTO:</u> Recoñecemento de palabras en documentos orais (cancións,...).</p> <p><u>CTE:</u> Comprensión de documentos básicos e formularios. Identificación de información en imaxes. Asociación de imaxes con títulos. Recoñecemento de siglas e imaxes relativas á cultura de países de lingua francesa.</p> <p><u>PCMO:</u> Completar e trasladar a información a terceiras persoas.</p> <p><u>PCME:</u> Elaboración dunha listaxe de palabras e frases de uso moi común.</p>	<p><u>COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS (CTO):</u> Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (CTE):</u> Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.</p> <p><u>PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN DE TEXTOS ORAIS (PCMO):</u> Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p> <p><u>PRODUCCIÓN, COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (PCME):</u> Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>	<p><u>CTO e CTE:</u> Ser quen de entender o esencial e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.</p> <p><u>PCMO:</u> É quen de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións.</p> <p><u>PCME:</u> É capaz de respectar as regras ortográficas e as convencións máis formais.</p>

<p>actividades da aula.</p> <p><u>VII - Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> O alfabeto. O apóstrofo. Correspondencia entre grafías e fonemas. O acento. Regras básicas de acentuación. O ritmo e a sílaba acentuada. A <i>liaison</i>.</p>			
<p>Recursos: Textos breves, formularios, fotos, vídeos con subtítulos. Temporalización: 5 sesións de aulas.</p>			

UNIDADE 2: PAÍSES E CIDADES (<i>VOYAGE AROUND DU MONDE</i>)			
<p>Obxectivos específicos: Comprender fichas de presentación persoal. Conversar en situación sinxelas da vida persoal. Comprender información sinxela relativa a nacionalidade, profesión, estado civil. Escribir unha ficha sinxela de presentación.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Relacións sociais: estrutura e relacións sociais e familiares.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar unha conversa breve. Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión. Establecer o contacto persoal para presentar unha persoa.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Usos sociais da lingua: presentarse ou presentar a alguén, dirixirse a alguén, interesarse por persoas. Pedir e dar información sobre datos persoais. Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.</p>	<p><u>CTO</u>: Comprensión de cuestionarios sobre persoas.</p> <p><u>CTE</u>: Comprensión de cuestionarios sobre persoas.</p> <p><u>PCMO</u>: Presentación de forma oral dunha persoa.</p> <p><u>PCME</u>: Redacción dun cuestionario sobre unha persoa.</p>	<p><u>CTO</u>: Recoñece o léxico oral máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece. Discrimina os patróns sonoros e de entoación de uso máis común.</p> <p><u>CTE</u>: Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.</p> <p><u>PCMO</u>: Repite ou</p>	<p><u>CTO</u>: É capaz de recoñecer o léxico básico de uso moi frecuente.</p> <p><u>CTE</u>: É capaz de identificar significados transparentes e translúcidos.</p> <p><u>PCMO</u>: É capaz de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos. É capaz de producir frases illadas moi sinxelas e de uso moi frecuente. Pode producir as estruturas máis sinxelas e habituais da lingua de uso cotián.</p> <p><u>PCME</u>: É quen de producir textos escritos moi breves e sinxelos</p>

<p>Afirmar ou negar algo.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: formularios, carteis, letreiros e sinais. Textos orais: conversas cara a cara, conversas telefónicas moi sinxelas.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> O presente dos verbos <i>être</i> e <i>avoir</i>. Os artigos indefinidos. Os adxectivos de nacionalidade. A interrogación (<i>quel(le)(s)</i> e <i>où</i>). Fórmulas : <i>c'est / il est</i>. A negación (<i>ne...pas</i>). As preposicións de lugar con países e cidades. Os determinantes posesivos (1). Os números do 21 a 100.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> O léxico da identidade, das profesións, dos gustos e intereses, de nacionalidades. Nomes de países e xentilicios.</p> <p><u>VII - Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> A oposición fonética masculino-féminino.</p>		<p>reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p> <p><u>PCME</u>: Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>	<p>usando estruturas moi sinxelas, de uso moi frecuente e conectores moi básicos.</p>
<p>Recursos: Textos orais e escritos, formularios, mapas, billetes e entradas, fotos, vídeos con e sen subtítulos. Aulas coa auxiliar de conversa. Temporalización: 6 sesións de aulas.</p>			

<p>UNIDADE 3: VIVENDA (UNE VILLE, DES QUARTIERS)</p> <p>Obxectivos específicos :</p> <p>Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas. Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente. Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p>
--

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Condições de vida: vivenda, transporte.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...). Planificar a estrutura básica do texto. Probar novas expresións. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Pedir confirmación da comprensión á persoa interlocutora. Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: carteis, letreiros e sinais; folletos informativos ou publicitarios. Textos orais: conversas cara a cara.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> O artigo: A contracción dos artigos e as</p>	<p><u>CTO:</u> Comprensión de textos orais e escritos relativos ao aloxamento e á cidade.</p> <p><u>CTE:</u> Lectura de textos sobre vilas e barrios.</p> <p><u>PCMO:</u> Presentación de unha vivenda e unha cidade.</p> <p><u>PCME:</u> Redacción dun texto para describir a vivenda e a cidade. Comprensión e transmisión de información sobre unha vivenda ou unha cidade.</p>	<p><u>CTO:</u> Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.</p> <p><u>PCMO:</u> Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><u>PCME:</u> Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>	<p><u>CTO:</u> É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece. É quen de aprezar os sons e a entoación máis común.</p> <p><u>CTE:</u> Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> É quen de manexar un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións. É capaz de empregar léxico moi básico suficiente para falar de temas moi frecuentes e necesidades moi básicas, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p> <p><u>PCME:</u> É capaz de empregar a puntuación e a ortografía máis elemental.</p>

<p>preposicións. O pronome <i>on</i>. Introducción dos cuantificadores: formas, contraccións e usos. Numerais ordinais. As preposicións de localización. A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde. O verbo : presente de <i>aller</i>. Estrutura : <i>il y a / il n'y a pas</i>.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Léxico relativo ás condicións de vida (cidade, vivenda, transporte). Léxico da vivenda, fogar e contorna (partes da casa, mobiliario básico).</p> <p><u>VII - Fonético- fonolóxico e ortotipográfico</u> Ortografía do vocabulario máis usual. A entoación interrogativa. Os sons [œ] e [E].</p>			
<p>Recursos: Textos orais e escritos, carteis, letreiros e sinais, fotos, planos, mapas, vídeos con e sen subtítulos. Aulas coa auxiliar de conversa. Temporalización: 7 sesións de aulas.</p>			
<p>UNIDADE 4: RELACIÓNS FAMILIARES E SOCIAIS (UN PEU, BEAUCOUP, À LA FOLIE) Obxectivos específicos : Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas. Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente. Mediar en situacións moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.</p>			
Competencias e	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles

contidos			
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Vida cotiá: actividades de lecer. Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Planificar a estrutura básica do texto. Aproveitar os coñecementos previos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Indicar posesión Expresar intereses, preferencias e gustos. Mostrar acordo e satisfacción. Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: billetes e entradas, correspondencia persoal e formal, notas e mensaxes. Textos orais: conversas cara a cara, conversas telefónicas moi sinxelas.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Contraccións dos artigos. Os determinantes demostrativos. Os pronomes tónicos. O verbo: presente de verbos irregulares.</p>	<p><u>CTO:</u> Comprensión de textos orais relativos a actividades de lecer.</p> <p><u>CTE:</u> Comprensión de textos escritos relativos a actividades de lecer.</p> <p><u>PCMO:</u> Descrición oral e escrita de relacións familiares, gustos e actividades favoritas.</p> <p><u>PCME:</u> Redacción de pequenos textos relativos á familia e ás actividades de lecer. Resumo de programacións de eventos.</p>	<p><u>CTO:</u> Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>PCMO:</u> Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p><u>PCME:</u> Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.</p> <p><u>CTE:</u> É capaz de comprender o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>PCMO:</u> É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade. É quen de usar expresións básicas, comunicando de xeito comprensible, con pausas, vacilacións e reformulacións.</p> <p><u>PCME:</u> É capaz de producir textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais. É quen de utilizar as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>

<p>Expresión do acordo e desacordo (<i>moi aussi, moi non plus, pas moi, moi si</i>). A expresión da causa (<i>pour / parce que</i>).</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas. Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos. Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...</p> <p><u>VII - Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Vogais nasais e orais. Pronuncia das consoantes finais e a <i>liaison</i>.</p>		<p>sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.</p>	
<p>Recursos: Textos, fotos, mapas, vídeos, cartas, postais, mensaxes electrónicas, conversas telefónicas moi sinxelas. Aulas ca auxiliar de conversa. Temporalización: 7 sesións de aulas.</p>			
<p>UNIDADE 5: ACTIVIDADES COTIÁS (COMME D’HABITUDE)</p> <p>Obxectivos específicos: Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiás, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema. Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitacións e propostas e reaccionando adecuadamente ante elas, e expresar sentimentos e opinións de forma básica. Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de	Mínimos esixibles

		avaliación	
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Planificar a estrutura básica do texto. Aproveitar os coñecementos previos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. Indicar onde e cando ocorre algo. Referirse a accións cotiás presentes. Afirmar ou negar algo.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: listaxes, horarios, carteis, letreiros e sinais; folletos informativos ou publicitarios, notas e mensaxes. Textos orais: conversas cara a cara e conversas telefónicas moi sinxelas.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos. O verbo. O presente de verbos regulares, irregulares e pronominais. O pasado (<i>passé composé</i> co auxiliar <i>avoir</i>). A oración simple negativa (<i>jamais, pas encore</i>). A oración interrogativa.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Léxico da vida cotiá (distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer, etc.).</p> <p><u>VII - Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u></p>	<p><u>CTO e CTE:</u> Comprensión de anuncios orais e escritos relativos a actividades cotiás.</p> <p><u>PCMO:</u> Exposición sobre hábitos e accións habituais.</p> <p>Reformulación e transmisión de textos orais sobre hábitos e accións cotidianas.</p> <p><u>PCME:</u> Descrición de actividades cotiás.</p> <p>Redacción de pequenos textos e anuncios relativos a actividades habituais.</p>	<p><u>CTO:</u> Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situacións cotiás que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</p> <p><u>PCMO:</u> Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p>Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de comprender os puntos principais e a información esencial de textos básicos relativos á vida cotiá.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.</p> <p><u>PCMO:</u> É capaz de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p>

<p>O fenómeno do encadeamento fonético. Diferencia entre as dúas fricativas alveolares ([s] / [z])</p>		<p>colaboración allea.</p> <p><u>PCME</u>: Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p>	
--	--	---	--

Recursos: Textos orais e escritos, formularios, horarios, notas, mensaxes e vídeo clips.
Aulas coa auxiliar de conversa.
Temporalización: 7 sesións de aulas.

UNIDADE 6: PROFESIÓNS (TOUS ENSEMBLE)

Obxectivos específicos:

Seguir un texto moi breve articulado con claridade, con xeito e con pausas, no que se utilicen expresións moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.

Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Vida cotiá: percurso profesional. Relacións persoais: actividades de voluntariado.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o</p>	<p><u>CTO</u>: Comprensión de anuncios de emprego, entrevistas de traballo e biografías</p> <p><u>CTE</u>: Comprensión da descripción de identidades.</p> <p><u>PCMO</u>: Comprensión e</p>	<p><u>CTO</u>: Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais</p>	<p><u>CTO</u>: É quen de entender o esencial, e aplicar os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos das culturas de uso do idioma.</p> <p><u>CTE</u>: É quen de empregar estratexias para entender o esencial do texto</p> <p><u>PCMO</u>:</p>

<p>obxectivo que se pretende acadar. Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Ensañar o texto oral ou escrito. Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Interesarse por persoas. Pedir e dar información sobre datos persoais. Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora. Indicar onde e cando ocorre algo.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: folletos informativos ou publicitarios, notas e mesaxes. Textos orais: conversas cara a cara e conversas telefónicas moi sinxelas.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Os indicadores de tempo no pasado. Os pronomes relativos <i>qui</i> e <i>que</i>. O verbo: o <i>passé composé</i> co verbo <i>être</i>. Uso de verbos irregulares: <i>savoir</i>, <i>connaître</i>.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Léxico das relacións persoais (estrutura e relacións sociais e familiares) Léxico de habilidades e competencias.</p> <p><u>VII - Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> A diferenza fonética</p>	<p>resumo de biografías breves</p> <p><u>PCME:</u> Redacción dunha biografía breve.</p>	<p>das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>PCMO:</u> Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><u>PCME:</u> Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p>	<p>É quen de participar nunha conversa sinxela e moi breve, se se fala con lentitude e claridade, preguntando e respostando para garantir a comunicación e iniciando e pechando a quenda de palabra de xeito moi básico, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p> <p>É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de utilizar un repertorio léxico e sintáctico básico para contar o percurso persoal e profesional dunha persoa.</p>
--	---	--	---

entre presente e pasado. As <i>liaisons</i> proibidas.			
<p>Recursos: Textos orais e escritos, fotos, correspondencia, vídeos con e sen subtítulos. Aulas coa auxiliar de conversa. Temporalización: 6 sesións de aulas.</p>			
<p>UNIDADE 7: DATA, CLIMA, ROUPA (LA VIE EN ROSE) Obxectivos específicos: Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, que estean pronunciadas con lentitude e claridade e que contén con apoio visual ou anticipación do tema. Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e elaborar estes seguindo textos modelo.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos. Comprobar hipóteses. Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Usos sociais da lingua: Agradecer, felicitar, convidar. Mostrar acordo e satisfacción. Expresar accións físicas e sentimentos. Pedir e dar información sobre prezos e cantidades. Pedir axuda, obxectos e</p>	<p><u>CTO:</u> Comprensión da información meteorolóxica.</p> <p><u>CTE:</u> Busca de información en páxinas web de catálogos de roupa e complementos.</p> <p><u>PCMO:</u> Elaboración oral dun listado de compras.</p> <p>Reproducción dun diálogo de compra-venda nunha tenda.</p> <p>Transmisión de información do tempo para aconsellar a vestimenta axeitada.</p> <p><u>PCME:</u> Redacción dun mail para organizar unha viaxe.</p>	<p><u>CTO:</u> Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> Transmitir oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de apreciar os sons e a entoación máis común.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de aplicar estratexias apropiadas para entender a información esencial dun texto.</p> <p><u>PCMO:</u> É capaz de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de usar de xeito adecuado léxico moi elemental que chegue para informar e ser informado de temas moi básicos ou necesidades comúns, con incorreccións que permitan a comprensibilidade.</p>

<p>servizos. Invitar e reaccionar adecuadamente.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: carteis, letreiros e sinais; folletos publicitarios. Textos orais: conversas cara a cara e conversas moi sinxelas.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> O verbo. Presente de <i>vouloir</i> e <i>pouvoir</i>. O pronome <i>on</i> (2). O pronome relativo <i>où</i>. O imperativo. Uso formulístico de <i>j'aimerais</i> / <i>je voudrais</i>.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Léxico do clima, condicións atmosféricas e ambiente (estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais) Léxico da roupa, das cores e partes do corpo.</p> <p><u>VII - Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Recoñecemento e produción dos sons vocálicos: [i] / [u] / [y] Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas.</p>		<p>habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.</p> <p><u>PCME:</u> Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p>	
<p>Recursos: Textos orais e escritos, fotos, vídeos con e sen subtítulos, informativos, folletos informativos. Aulas coa auxiliar de conversa. Temporalización: 6 sesións de aulas.</p>			
<p>UNIDADE 8: ALIMENTACIÓN (BEC SUCRÉ, BEC SALÉ) Obxectivos específicos:</p>			

Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.
Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible
Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos (letras de cancións ou estribillos, carteis...) coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I-Socioculturais e sociolingüísticos</u> Vida cotiá: rutinas ligadas á alimentación. Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle. Probar novas expresións. Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua, preguntar o significado dunha palabra.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades. Indicar posesión. Expresar intereses, preferencias e gustos. Mostrar acordo e satisfacción. Pedir axuda, obxectos e servizos.</p>	<p><u>CTO:</u> Comprensión de interaccións no restaurante.</p> <p><u>CTE:</u> Comprensión da carta dun restaurante.</p> <p><u>PCMO:</u> Interaccións relativas á comida (pedir e dar información sobre comidas).</p> <p><u>PCME:</u> Redacción de pequenos textos sobre comidas e ingredientes.</p> <p>Escrita dun correo electrónico de invitación.</p>	<p><u>CTO:</u> Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais, á linguaxe corporal e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>PCMO:</u> Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi</p>	<p><u>CTO:</u> É capaz de recoñecer léxico elemental de temas moi frecuentes e necesidades básicas, e de deducir o significado posible do que non coñece.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de empregar estratexias para entender o esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> É capaz de interactuar de maneira sinxela cunha pronuncia e entoación suficientemente claras.</p> <p><u>PCME:</u> É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir, pedindo que lla repitan ou reformulándoa empregando un dicionario, e cometer erros.</p>

<p>Invitar, e reaccionar adecuadamente.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos escritos: listaxes, cartas de restaurantes e menús, carteis, letreiros e sinais; folletos publicitarios. Textos orais: conversas cara a cara e conversas moi sinxelas.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> O partitivo. O <i>futur proche</i>. A expresión de obriga (<i>il faut e devoir</i>). Os pronomes de complemento directo. Os cuantificadores.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Léxico dos alimentos.</p> <p><u>VII - Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> As vogais nasais.</p>		<p>evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.</p> <p><u>PCME:</u> Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).</p>	
<p>Recursos: Carta de restaurantes, menús, cartéis, letreiros e sinais, dicionarios, folletos informativos, vídeos. Aulas coa auxiliar de conversa. Temporalización: 8 sesións de aulas.</p>			

BÁSICO A2

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURA RECOMENDADA
A2	<p><i>Entre nous 2, Édition hybride</i>, Éditions Maison des Langues, 2022. ISBN: 9788419236609 (Edition Hybride Tout en un) ou <i>Entre nous 2</i>, Éditions Maison des Langues, 2015. ISBN: 9788484439271</p>	As lecturas complementarias decidíranse na clase con cada profesor.

PRESENTACIÓN CURSO: 1 sesión (información sobre obxectivos, contidos, avaliación, material, recursos virtuais, etc.)

AVALIACIÓN INICIAL: 2 sesións con diferentes tarefas de actividades de lingua

AVALIACIÓN DE PROGRESO: O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica. No caso do nivel básico A2, a avaliación de progreso terá lugar entre o mes de decembro e xaneiro (antes de que remate o primeiro cuadr3333imestre) e o alumnado realizará distintas probas cunha tipoloxía semellante ás das probas finais.

SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: 60 SESIÓN EN TOTAL

REPASO FINAL: 3 sesións con diferentes tarefas de actividade de lingua

1º cuadrimestre: unidades 1-4 / 2º cuadrimestre: unidades 5-8

UNIDADE 1: AIMER APPRENDRE

Obxectivos específicos:

Comprender o significado global e as información relevantes de mensaxes gravadas que relaten experiencias persoais.

Comprender o sentido xeral e a información esencial de textos audiovisuais.

Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as ointes.

Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos e relacionados con temas da súa experiencia.

Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

Mediar en situacións moi cotiáns, transmitindo o sentido xeral e a información esencial e dando e pedindo opinión sobre algunhas ideas concretas.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> As relacións laborais; as asociacións.</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Ensañar o texto oral e escrito. Aproveitar os coñecementos previos. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Expresar emocións e dificultades. Referirse a accións e situacións presentes e pasadas.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> O nome e o artigo.</p>	<p><u>Comprensión de textos orais:</u> Escoita de testemuñas de aprendizaxe. Comprensión de textos orais sobre o ensino.</p> <p><u>Comprensión de textos escritos:</u> Lectura de experiencias de aprendizaxe. Comprensión de textos sobre o sistema de ensino nos países francófonos.</p> <p><u>Producción, coproducción e mediación oral:</u> Conversa sobre actividades de</p>	<p><u>CTO:</u> Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas francófonas. Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos. É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece. É quen de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de comprender o esencial do texto.</p>

<p>A oración simple afirmativa e negativa. Os cuantificadores. Expresión do pasado: pasado composto. Forma negativa do pasado composto. Repaso do pronome COD. O pronome COI. Expresión da causa: <i>parce que, car, comme, grâce à, à cause de</i>.</p> <p>V. <u>Léxicos</u> Actividades cotiás: hábitos e horarios. Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afección e intereses, emocións e dificultades. Educación: material, actividades de aula e centros de ensino, aprendizaxe de linguas.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> -Correspondencia entre grafía e fonemas. -A entoación -Sílabas abertas e pechadas. Oposición [ə]/[e]/[ɛ]</p>	<p>lecer. Consellos para estudantes estranxeiros.</p> <p><u>Producción, coproducción e mediación escrita:</u> Responder a un cuestionario de perfil de aprendizaxe. Redacción de experiencias positivas e negativas reais ligadas coa aprendizaxe.</p> <p><u>PCME/ PCMO:</u> Completar unha ficha sobre a utilización das TICs na aula e realizar un pequeno debate a partir das informacións extraídas desas fichas.</p>	<p>Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados. <u>CTE:</u> Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora. É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><u>PCME:</u> Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas</p>	<p><u>PCMO:</u> É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. É quen de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación. É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de empregar un conxunto de léxico escrito que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.</p>
--	---	---	--

		incorreccións que non imposibilitan a comunicación.	
Recursos: Formularios, folletos publicitarios, conversas, foros, artigos de prensa, infografías, vídeos. Temporalización: 7 sesións de 2 horas.			

<p>UNIDADE 2: BIENVENUE CHEZ MOI !</p> <p>Obxectivos específicos:</p> <p>Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.</p> <p>Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiás, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p>Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos.</p> <p>Utilizar estratexias que faciliten a comprensión.</p> <p>Intercambiar información sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.</p> <p>Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> Aloxamentos alternativos e insólitos</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requerimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. Ensaia-lo texto oral e escrito. Aproveitar os coñecementos previos. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Expresar preferencias. Expresar gustos.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> Expresión do lugar: preposicións de lugar, pronome y de lugar. Expresión da comparación: <i>plus/moins/aussi...que/de, autant (de) ...que.</i></p>	<p><u>CTO:</u> Comprensión de textos sobre vivenda, decoración e mobles.</p> <p><u>CTE:</u> Lectura de anuncios inmobiliarios. Aproximación a textos sobre a vivenda. Busca en Internet de mobles.</p> <p><u>PCMO:</u> Elaboración de propostas para renovar e decorar unha vivenda. Debate e comparación sobre diferentes temas relativos ao hábitat. Creación de adiviñas sobre lugares. Seleccionar, reformular e</p>	<p><u>CTO:</u> Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>PCMO:</u> Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de entender o léxico básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.</p> <p><u>PCMO:</u> É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes. É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación,</p>

<p>V. <u>Léxicos</u> -Vivenda, fogar e contorna: descrición das partes da casa, mobiliario básico, cidade o campo.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> -O "enchaînement" -A oposición [ø] / [œ] -Pronuncia: -eux, -euse</p>	<p>transmitir informacións a partir de documentos sobre a vivenda.</p> <p><u>PCME:</u> Redacción de anuncios inmobiliarios. Descrición dunha vivenda. Resposta dun cuestionario sobre as preferencias en canto aos tipos de vivenda. Seleccionar, reformular e transmitir informacións a partir de documentos sobre a vivenda.</p>	<p>reformular a mensaxe e reparar a comunicación. Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><u>PCME:</u> Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas das persoas emisoras e receptoras cando este aspecto é relevante.</p>	<p>aínda que presente erros.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de redactar textos breves, con estruturas sinxelas e frecuentes, e léxico e conectores moi comúns. É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.</p>
<p>Recursos: Anuncios inmobiliarios e de intercambios de pisos, conversas cara a cara e telefónicas, mensaxes electrónicas, blogs, planos de vivendas, fotos de mobiliario. Temporalización: 6 sesións de 2 horas.</p>			

<p>UNIDADE 3: J'Y ÉTAIS ! Obxectivos específicos: Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema. Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes. Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos e relacionados con temas da súa experiencia. Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
I. <u>Socioculturais e</u>	<u>CTO:</u>	<u>CTO:</u>	<u>CTO:</u>

<p><u>sociolingüísticos</u> -As leis francesas. Feitos históricos do pasado.</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requerimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. Ensaia-lo texto oral e escrito. Aproveitar os coñecementos previos. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Situarse no pasado. Describir situacións do pasado e do presente.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> Expresión do pasado: o imperfecto. Marcadores de presente e de pasado (1) Subordinada temporal con <i>quand</i>. Formas de uso máis habitual para expresar accións, eventos, procesos e realizacións: expresión da continuidade e da discontinuidade temporais: <i>encore, toujours, ne ... plus</i>. Adxectivos e pronomes indefinidos.</p> <p>V. <u>Léxicos</u> Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento. Evolución da sociedade. Información e medios de comunicación:</p>	<p>Escoitar relatos de experiencias no pasado.</p> <p><u>CTE:</u> Facer un test sobre fotos antigas e recentes.</p> <p><u>PCMO:</u> Xogar a adiviñar diferentes épocas. Comparar fotos de vilas antes e agora. Falar da vida dos nosos avós.</p> <p><u>PCME:</u> Escribir unha mensaxe nun foro para dar a súa opinión sobre a vida no pasado.</p>	<p>Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>CTE:</u> Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.</p> <p><u>PCMO:</u> Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p> <p><u>PCME:</u> Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou</p>	<p>É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de recoñecer o formato, a tipografía, a ortografía e a puntuación máis esencial.</p> <p><u>PCMO:</u> É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. É quen de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. É quen de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de empregar un conxunto de léxico escrito que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. É quen de usar as regras ortográficas, a puntuación e as tipoloxías textuais máis esenciais.</p>
--	--	--	---

<p>noticias e reportaxes sinxelas.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> A oposición [o]/[ɔ] Grupos rítmicos Pronuncia de <i>plus</i>.</p>		<p>necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común.</p>	
<p>Recursos: Artigos de prensa, blogs, programas de radio, comentarios de fotos, foros, testemuñas.</p> <p>Temporalización: 6 sesións de 2 horas.</p>			

<p>UNIDADE 4: RÉCITS DE VIE</p> <p>Obxectivos específicos:</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.</p> <p>Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes.</p> <p>Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos e relacionados con temas da súa experiencia.</p> <p>Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> Persoeiros francófonos famosos. As vilas francófonas.</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requerimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. Planificar a estrutura básica do texto. Ensañar o texto oral e escrito. Efectuar aclaracións básicas e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Aproveitar os coñecementos</p>	<p><u>CTO</u>: Escoita de diversas experiencias vitais.</p> <p><u>CTE</u>: Ler anécdotas sobre personaxes célebres e asociar títulos.</p> <p><u>PCMO</u>: Escoitar experiencias e responder a preguntas. Facer o relato da súa propiavida a partir de datas. Crear adiviñas utilizando os pronomes relativos.</p> <p><u>PCME</u>: Crear un álbum de fotos de recordo</p>	<p><u>CTO</u>: Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a experiencias persoais.</p> <p><u>CTE</u>: Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p><u>PCMO</u>: Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e</p>	<p><u>CTO</u>: É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos. É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.</p> <p><u>CTE</u>: É quen de comprender o esencial do texto.</p> <p><u>PCMO</u>: É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes. É quen de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información</p>

<p>previos. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Preguntar pola vida dunha persoa. Describir e relatar feitos de situacións do pasado Contar anécdotas.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> Expresión do pasado: diferenciación do uso do imperfecto e do pasado composto. Marcadores de presente e de pasado (2) Expresión: <i>être en train de</i> + infinitivo. -Os pronomes relativos: <i>qui, que, où</i>.</p> <p>V. <u>Léxicos</u> Identificación persoal. Lembranzas e etapas da vida. Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> A oposición [e]/[ə] O <i>allongement</i> da sílaba.</p>	<p>con pequenos textos como comentario. Escribir un texto contando unha experiencia. Seleccionar, reformular e transmitir informacións a partir de documentos sobre anécdotas e biografías de personaxes celebres.</p>	<p>procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><u>PCME:</u> Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.</p>	<p>sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de redactar textos breves, con estruturas sinxelas e frecuentes, e léxico e conectores moi comúns. É quen de escribir lle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante.</p>
<p>Recursos: Álbums de fotos, testemuñas, blogs, anécdotas, conversas, artigos de prensa. Temporalización: 7 sesións de 2 horas.</p>			

UNIDADE 5: SPORT, ALIMENTATION ET SANTÉ AU FUTUR
Obxectivos específicos:

Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.
 Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.
 Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.
 Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas relacionados coa experiencia persoal.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> Deportes de moda en Francia. Saúde e alimentación no mundo francófono.</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. Planificar a estrutura básica do texto. Ensaiar o texto oral e escrito. Efectuar aclaracións básicas e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Falar do estado de saúde e da alimentación. Pedir e dar consello. Suxerir unha actividade.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> Imperativo. Futuro simple.</p>	<p><u>CTO:</u> escoitar documentos sobre problemas de saúde.</p> <p><u>CTE:</u> Buscar información en internet sobre os novos deportes.</p> <p><u>PCMO:</u> Ler e comentar textos sobre o deporte, as novas tecnoloxías, a alimentación e a saúde e responder a preguntas. Dar consellos a partir da lectura de problemas de saúde. Falar da saúde do futuro a partir de diferentes predicións.</p> <p><u>PCME:</u> Escribir pequenos textos sobre predicións de futuro en diferentes ámbitos da vida. Responder a un correo pedindo consello.</p>	<p><u>CTO:</u> Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece. Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p> <p><u>CTE:</u> Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación de uso máis común.</p> <p><u>PCMO:</u> Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresións temporais sinxelas, aínda que pode presentar</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece. É quen de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de recoñecer o formato, a tipografía, a ortografía e a puntuación máis esencial.</p> <p><u>PCMO:</u> É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. É quen de saber empregar un conxunto de léxico elemental que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de empregar un conxunto de léxico escrito que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. É quen de usar as regras</p>

<p>Marcadores de futuro. Frase condicional: <i>si</i> + presente, futuro.</p> <p>V. <u>Léxicos</u> Saúde e cuidados físicos: estado físico, partes do corpo, dores, síntomas. Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía. Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotiá.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> -A "liaison" obrigatoria. -Oposición consoantes sonoras e xordas: [s] / [z] e [ʃ] / [ʒ]</p>		<p>algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.</p> <p><u>PCME:</u> Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais de uso máis común. Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.</p>	<p>ortográficas, a puntuación e as tipoloxías textuais máis esenciais. É quen de refacer para que sexa máis simple e comprensible o que se dixo, coa axuda doutras persoas ou de elementos paralingüísticos.</p>
<p>Recursos: Artigos de revistas, receitas de cociña, cartas de restaurantes e menús, foros, carteis, conversas, horóscopos. Temporalización: 7 sesións de 2 horas.</p>			

<p>UNIDADE 6: AVEC PLAISIR ! Obxectivos específicos: Desenvolverse nas relacións sociais habituais, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras. Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación. Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas relacionados coa experiencia persoal. Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiás, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos.</p>			
<p>Competencias e contidos</p>	<p>Actividades</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Mínimos esixibles</p>
<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> A francofonía (1) experiencias interculturais.</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requerimentos da</p>	<p><u>CTO:</u> Escoitar experiencias de problemas culturais.</p> <p><u>CTE:</u> Ler testemuñas e consellos sobre</p>	<p><u>CTO:</u> Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos. É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e</p>

<p>tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. Planificar a estrutura básica do texto. Ensañar o texto oral e escrito. Efectuar aclaracións básicas e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Pedir e ofrecer axuda, obxectos e servizos. Pedir un favor. Pedir permiso. Rexeitar e aceptar. Xustificarse.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> Expresións impersoais da obriga, da prohibición e da recomendación. O condicional presente.</p> <p>V. <u>Léxicos</u> Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía, estacións, concellos, centros médicos.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> A <i>liaison</i> prohibida. O "e" mudo</p>	<p>as regras de cortesía francesas.</p> <p><u>PCMO:</u> Comparar os bos modais franceses cos nosos. Contar experiencias sobre faltas de cortesía. Organizar unha festa de aniversario, reformulando e transmitindo as opinións de outras persoas.. Xogos de rol.</p> <p><u>PCME:</u> Redactar un regulamento. Escoitar unha reunión de veciños e tomar nota dos problemas evocados. Escribir correos.</p>	<p>condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece. Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, e comprende os significados e intencións comunicativas xerais asociados a eles.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> Interactúa de maneira sinxela en intercambios breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas habituais para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación. Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora. É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.</p> <p><u>PCME:</u> Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito básico suficiente para dar e obter información sobre temas frecuentes ou</p>	<p>deducir o significado do que non coñece. É quen de distinguir os sons, pronunciacións e entoacións máis comúns.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de comprender o esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> É capaz, de xeito sinxelo, de interactuar en conversas breves, de xeito lento e claro, garantindo a comunicación, aínda que presente erros. É quen de pronunciar e entoar con suficiente claridade, con acento estranxeiro e cometendo erros que non impidan a comunicación. É capaz de intervir aplicando as conveccións máis elementais, ás veces cun comportamento incorrecto.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de empregar un conxunto de léxico escrito que lle permita dar ou obter información sobre temas frecuentes e necesidades esenciais, garantindo a comunicación, aínda que presente erros.</p>
--	--	--	--

		necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.	
Recursos: Cuestionarios, blogs, folletos, carteis, mensaxes electrónicas, publicidades, conversas.			
Temporalización: 5 sesións de 2 horas.			

UNIDADE 7: VIVRE AUTREMENT			
<p>Obxectivos específicos:</p> <p>Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.</p> <p>Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, ofrecendo ou solicitando información básica.</p> <p>Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.</p> <p>Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> O consumo. A ecoloxía. A obsolescencia programada.</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requerimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. Planificar a estrutura básica do texto. Ensañar o texto oral e escrito. Efectuar aclaracións básicas e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e</p>	<p><u>CTO:</u> Escoitar conversas sobre novos costumes alimentarios, de vivenda,...</p> <p><u>CTE:</u> Observar e analizar un documento sobre o pasado e o presente de diferentes aspectos da vida. Ler artigos sobre hábitos de vida alternativos.</p> <p><u>PCMO:</u> Formular desexos. Facer diálogos en diferentes establecementos comerciais.</p> <p><u>PCME:</u> Redixir un texto sobre hábitos de vida alternativos.</p>	<p><u>CTO:</u> Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende o léxico escrito básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>PCMO:</u> Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de entender o léxico básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.</p> <p><u>PCMO:</u> É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes.</p>

<p>estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Falar dos modos de vida. Expoñer proxectos e formular hipóteses. Expresar intencións e obxectivos.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> -O adxectivo: flexións e colocación. -O pronome demostrativo. -A finalidade: <i>pour / pour ne pas</i>. -Expresión do desexo: <i>espérer que</i> + futuro, <i>je voudrais</i> + infinitivo -A negación (revisión): ne ...plus/pas <i>encore/jamais</i>.</p> <p>V. <u>Léxicos</u> Compras e actividades comerciais: prezos, establecementos, formas básicas de pagamento.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> A entoación. O son [R].</p>		<p>textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación.</p> <p><u>PCME:</u> Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Identifica, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.</p>	<p><u>PCME:</u> É quen de redactar textos breves, con estruturas sinxelas e frecuentes, e léxico e conectores moi comúns. É capaz de recoñecer a información elemental que debe transmitir e as intencións elementais dos emisores ou receptores.</p>
<p>Recursos: Infografías, artigos de prensa, programas radiofónicos, conversas, álbums de fotos, anuncios publicitarios, foros. Temporalización: 5 sesións de 2 horas.</p>			

<p>UNIDADE 8: VOYAGE, VOYAGE... (fóra do libro) Obxectivos específicos: Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes. Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos. Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiás. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión. Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles

<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> A francofonía (2) As viaxes.</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requerimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolve-la. Planificar a estrutura básica do texto. Ensañar o texto oral e escrito. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Situacións accións no tempo e no lugar. Situacións xeográficas. Suxerir e xustificar unha actividade. Valorar un feito.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u> Os adverbios rematados en <i>-ment</i>. O xénero e as preposicións dos países e dos medios de transporte (revisión). Expresión da interrogación, estrutura e orde dos seus elementos (revisión). Gramática textual: procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos.</p> <p>V. <u>Léxicos</u> Viaxes: nomes de países e xentilicios,</p>	<p><u>CTO:</u> Escoitar experiencias de vacacións e viaxes. Escoitar textos sobre o tempo meteorolóxico.</p> <p><u>CTE:</u> Ler documentos sobre tipos de vacacións diferentes.</p> <p><u>PCMO:</u> Responder a unha sondaxe sobre as vacacións e as viaxes. Responder a preguntas sobre vacacións e viaxes. Comentar tipos de viaxes diferentes. Organizar unha viaxe (destino, transporte e aloxamento). Falar sobre o tempo meteorolóxico.</p> <p><u>PCME:</u> Contar unha experiencia de viaxe. Redixir correos para solicitar información sobre viaxes. Redixir textos onde se reformulan informacións sobre o tempo meteorolóxico.</p>	<p><u>CTO:</u> Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación. Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.</p> <p><u>PCME:</u> Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.ex. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos. É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de comprender o esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo. Pode utilizar estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes. É capaz de empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse comprensiblemente, aínda que reformule, dubide e faga pausas.</p> <p><u>PCME:</u> É quen de redactar textos breves, con estruturas sinxelas e frecuentes, e léxico e conectores moi comúns. É quen de escribirlle ás persoas destinatarias notas moi breves coa información máis importante. É quen de seleccionar e transmitir as informacións esenciais a partir dun documento.</p>
--	--	---	---

vacacións, medios de transporte, aloxamento, tipos e contido da equipaxe. Clima, condicións atmosféricas e ambiente: o tempo meteorolóxico, estacións do ano, fenómenos atmosféricos e animais e plantas máis comúns. VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> -As vogais nasais.		cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlle ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.	
Recursos: Anuncios publicitarios, folletos, formularios, informacións meteorolóxicas, mensaxes electrónicas, conversas. Temporalización: 7 sesións de 2 horas.			

BÁSICO INTEGRADO A1-A2

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURAS RECOMENDADAS
Básico A1/A2	<i>Nouveau Rond-Point 1 (A1/A2), Édition hybride</i> , Éditions Maison des Langues, 2011. (Inclúe un código para acceder aos recursos dixitais durante 12 meses) ISBN: 9788419236685 ou <i>Nouveau Rond-Point 1 (A1/A2)</i> , Éditions Maison des Langues. ISBN: 9788484436614 <i>Nouveau Rond-Point 1 (A1/A2) cahier d'activités</i> ISBN: 9788484436621	As lecturas complementarias decidiranse na clase.

PRESENTACIÓN CURSO: 1 sesión (información sobre obxectivos, contidos, avaliación, material, recursos virtuais, etc.)

AVALIACIÓN INICIAL: 1 sesión con diferentes tarefas que terán como finalidade a observación do coñecemento previo (ou a ausencia del) do alumnado.

AVALIACIÓN DE PROGRESO: O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A avaliación de progreso levarase a cabo durante as aulas ao fin do primeiro cuadrimestre e terá un formato semellante ao da proba final. O alumnado recibirá retroalimentación sobre o seu progreso.

SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: 60/61 SESIÓN EN TOTAL

UNIDADE 1: POINT DE DÉPART [<i>Nouveau Rond-Point 1: Unité 1</i>]			
<p>Obxectivos específicos:</p> <p>Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.</p> <p>Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía.</p> <p>Comprender información relevante en noticias moi breves que contén apoio visual.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I. <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> A vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...</p> <p>II. <u>Estratéxicos</u> Determinar os requerimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela. Planificar a estrutura básica do texto. Ensañar o texto oral e escrito. Empregar novas expresións. Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto. Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.</p> <p>III. <u>Funcionais</u> Falar dos modos de vida. Expor proxectos e formular hipóteses. Expresar intencións e obxectivos.</p> <p>IV. <u>Sintácticos</u></p>	<p><u>CTO:</u> Identificación de actividades e métodos de aprendizaxe.</p> <p><u>CTE:</u> Descubrimiento de melloras de técnicas de aprendizaxe a través tests.</p> <p><u>PCMO:</u> Intercambio de experiencias educativas. Posta en común e escolla dun método de aprendizaxe.</p> <p><u>PCME:</u> Propostas de formas de aprendizaxe orixinais. Redacción de predicións relacionadas co mundo da educación e aprendizaxe.</p>	<p><u>CTO:</u> Coñece e aplica á comprensión do sentido xeral e da información esencial do texto, extraendo claves para interpretalo, os aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida, ás relacións persoais e ás convencións sociais das culturas en que se usa o idioma. Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.</p> <p><u>CTE:</u> Comprende o sentido xeral e a información esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> Produce textos orais moi breves e de estruturas sinxelas e habituais, utilizando estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente, recursos de cohesión textual básicos e procedementos sinxelos para reformular a mensaxe e reparar a comunicación. Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas,</p>	<p><u>CTO:</u> É quen de comprender o esencial de textos sinxelos que falen sobre temas básicos. É quen de recoñecer o léxico oral básico sobre temas frecuentes e necesidades esenciais e deducir o significado do que non coñece.</p> <p><u>CTE:</u> É quen de comprender o esencial do texto.</p> <p><u>PCMO:</u> É quen de producir un texto oral moi breve e sinxelo con estruturas sintácticas moi sinxelas e frecuentes. É capaz de empregar expresións sinxelas e fixas para comunicarse, aínda que reformule, dubide e faga pausas.</p>

<p>Repaso dos tempos verbais que expresan o presente, o pasado e o futuro Resumo das expresións temporais. Os pronomes COI As expresións preposicionais (2)</p> <p>V. <u>Léxicos</u> A educación: métodos de aprendizaxe.</p> <p>VI. <u>Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</u> Os fonemas oclusivos.</p>		<p>titubeos e reformulacións.</p> <p><u>PCME:</u> Produce textos escritos breves e de estruturas moi sinxelas e habituais. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas sinxelas e de uso frecuente e emprega os recursos de cohesión textual básicos (repetición léxica e conectores moi comúns). Toma notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarllas ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.</p>	<p><u>PCME:</u> É quen de redixir textos breves, con estruturas sinxelas e frecuentes, e léxico e conectores moi comúns. É quen de seleccionar e transmitir as informacións esenciais a partir dun documento.</p>
<p>Recursos: Documentos escritos, sonoros e audiovisuais. Temporalización: 4 sesións de aulas.</p>			

3. NIVEL INTERMEDIO B1 E B2

3.1. DEFINICIÓN DO NIVEL

INTERMEDIO B1

O alumnado que supere o nivel intermedio B1 poderá comunicarse en situacións cotiás (traballo, estudos, ocio...) e en contextos de lingua previsible, nun rexistro neutro –aínda que vacile, faga pausas e cometa algún erro– cunha razoable corrección, certa seguridade e eficacia; comprenderá sen dificultade os puntos principais de textos orais e escritos claros en lingua estándar en situacións coñecidas; será quen de producir textos sinxelos nos que xustifique brevemente opinións, pida aclaracións, explique brevemente un problema...

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento básico da lingua, gozará dun repertorio amplo de estruturas morfosintácticas sinxelas e dominará o léxico común dos contextos comunicativos habituais e frecuentes.

INTERMEDIO B2

O alumnado que supere o nivel intermedio B2 poderá comunicarse sen esforzo con certo grao de fluidez e naturalidade en situacións habituais e específicas –sen erros importantes e cunha pronuncia clara–; posuirá conciencia lingüística suficiente para corrixirse e resolver ambigüidades; terá en conta a situación comunicativa para adaptarse ao rexistro; comprenderá textos orais e escritos de certa complexidade e distinguirá sen dificultade as ideas principais en textos de carácter concreto e abstracto. Será quen de producir textos claros e detallados sobre temas xerais diversos, poderá defender puntos de vista sobre cuestións xerais, indicando os puntos a favor e en contra e buscando argumentos para as distintas opcións.

O alumnado que acade este nivel disporá dun coñecemento da lingua suficiente para matizar e argumentar, gozará dun amplo repertorio de estruturas morfosintácticas variadas e algunhas complexas e disporá dunha riqueza léxica suficiente para expresarse, incluídas algunhas expresións idiomáticas de uso común.

3.2 OBXECTIVOS XERAIS

Unha vez adquiridas as competencias correspondentes ao nivel, o alumnado será capaz de:

B1	B2
<p>Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles relevantes dun discurso breve ou de extensión media sobre temas coñecidos, cunha estrutura clara, articulado con nitidez en lingua estándar e a velocidade lenta, transmitido por calquera canle, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poida volver escoitar.</p> <p>Producir e coproducir descricións sinxelas e realizar breves discursos presentados como unha secuencia de elementos nos que se responda a preguntas ou se confirmen informacións sinxelas sobre temas da vida cotiá, do ámbito académico e da súa especialidade profesional, cun grao razoable de corrección e fluidez que permitan manter a interacción, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro e as pausas para planificar o discurso.</p> <p>Comprender o esencial, os puntos principais e os detalles relevantes, en textos breves ou de extensión media que traten asuntos cotiáns, habituais ou do seu interese, escritos en lingua estándar, cunha estrutura clara e ben organizados desde o punto de vista da forma e do contido. Extraer información concreta, incluso de carácter técnico, se esta é sinxela, e identificar a idea principal e algúns detalles específicos.</p>	<p>Comprender o sentido xeral e as ideas principais dun discurso extenso ben organizado e relativamente complexo, sobre temas coñecidos ou técnicos da súa especialidade, de carácter concreto ou abstracto, en lingua estándar e transmitido a velocidade normal mediante calquera canle.</p> <p>Producir e coproducir descricións de temas concretos e abstractos en diferentes rexistros da lingua estándar, e participar en conversas e debates que traten temas cotiáns e nos que se requira certa fluidez e espontaneidade, confirmando a súa comprensión, defendendo os seus puntos de vista e facilitando a participación, cunha pronuncia e unha entoación claras, aínda que sexa evidente o acento estranxeiro, cometa erros e se poida corrixir.</p> <p>Comprender o sentido xeral, as ideas principais e os detalles máis relevantes de textos extensos e de certa complexidade, tanto abstractos como concretos, sobre temas xerais diversos do ámbito persoal e profesional, redactados en lingua estándar e que conteñan expresións idiomáticas de uso común, un amplo vocabulario e unha ampla gama de estruturas sintácticas, identificando con rapidez o contido e a importancia da información, aínda que teña dificultades en fragmentos complexos ou nas partes máis difíciles, que poderá reler.</p>

B1	B2
<p>Producir e coproducir textos breves e sinxelos sobre temas cotiáns ou da súa especialidade, suficientemente estruturados e adecuados ao contexto (persoa destinataria, situación, propósito comunicativo) en secuencias lineais, onde conte experiencias sinxelas relacionadas con acontecementos reais ou imaxinados, onde se xustifiquen opinións ou se expliquen plans.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, transmitindo o sentido xeral da información e as opinións, sobre asuntos cotiáns do seu interese, en lingua estándar.</p>	<p>Producir e coproducir textos de certa extensión, ben organizados e con certo detalle, aínda que de complexidade limitada, sobre unha ampla serie de temas concretos e abstractos da vida cotiá ou relacionados coa súa especialidade, mesmo sintetizando información e argumentos procedentes de varias fontes. Utilizar unha ampla gama de recursos lingüísticos adecuándoos á situación comunicativa (registro, estilo), de maneira que os textos mostren unidade e coherencia interna, aínda que sexan esquemáticos e simples.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas, oralmente ou por escrito, en situacións tanto habituais como máis específicas ou de certa complexidade nos ámbitos persoal, público, académico e profesional.</p>

3.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS, ACTIVIDADES, COMPETENCIAS E CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS EXIXIBLES, SECUENCIADO POR CUADRIMESTRE

No desenvolvemento detallado da secuenciación de contidos que se describe a continuación, o profesorado inclúe de forma planificada e intencionada un abano de actividades e ferramentas de avaliación formativa na súa programación diaria de aula. Estas actividades e ferramentas permiten observar, reflexionar e valorar o nivel de comprensión e cumprimento dos obxectivos de aprendizaxe por parte do alumnado. A través delas, adaptadas ás necesidades e ao contexto da aula, axudámoslle ao alumnado a avanzar na súa aprendizaxe e a facer os axustes necesarios para acadar os obxectivos de aprendizaxe esixidos. Estas actividades e ferramentas responderán ás seguintes estratexias

- Coñecer os obxectivos de aprendizaxe da unidade e reflexionar sobre o progreso actual que están a lograr.
- Obter evidencias de aprendizaxe para comprobar o nivel de comprensión dos contidos da unidade por parte do alumnado.
- Traballar con textos modelo orais e escritos para que os estudantes comprendan os criterios de calidade necesarios esixidos na súa produción.
- Autoavaliar e avaliar entre pares (coavaliación) os produtos de aprendizaxe da unidade mediante instrumentos de avaliación que proporcionan retroalimentación sobre o nivel de consecución dos criterios de calidade e os pasos a seguir para achegarse a eles.
- Fomentar un ambiente de retroalimentación no que tanto alumnado como profesorado reciben orientación para realizar axustes na súa aprendizaxe e na docencia.

INTERMEDIO B1

Esta programación aplícase as dúas modalidades : presencial e semi presencial.

CURSO	LIBRO DE TEXTO	LECTURA RECOMENDADA
Intermedio B1	Presencial: non hai libro de texto. Faise entrega na clase de material propio do departamento.	O material complementario decidírase na clase con cada profesor.

	Semi-presencial: material na aula virtual Moodle.	
--	---	--

PRESENTACIÓN CURSO : 1 sesión (presentación curso, obxectivos, contidos, avaliación de progreso e final, material, aula virtual, ...)

AVALIACIÓN INICIAL : 1 sesión con diferentes tarefas de actividade de lingua (comprensión oral e escrita, produción e coprodución oral e escrita, mediación oral e escrita)

AVALIACIÓN DE PROGRESO :

"O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas, actividades ou probas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica." (Circular da Consellería , do 16 de maio de 2024)

No caso do nivel B1, o alumnado realizará, entre o mes de decembro e o mes de xaneiro (antes de que remate o primer cuadrimestre), actividades de lingua seguindo a tipoloxía das tarefas da proba final de certificación.

SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: 55 sesións de 2 horas no caso dos grupos ordinarios e 27 sesións no caso dos grupos semi presenciais.

REPASO FINAL : 4 sesións con diferentes tarefas de actividade de lingua (o número de sesións depende da data de remate das clases)

1º cuadrimestre: módulos 1- 5

UNIDADE 1: Identificación persoal, Política e sociedade (<i>S'engager pour</i>)			
Obxectivos específicos :			
Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.			
Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.			
Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos.			
Dar información sobre a identificación e a caracterización persoal.			
Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.			
Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos persoal e público (p. ex. en reunións sociais, cerimonia, eventos, ou visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.			
Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións.			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
I- <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> Relacións interpersoais: coñecemento e uso de fórmulas de presentación, quendas na conversa e pautas de comportamento social.	<u>Módulo 1.1 :</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos que describen diferentes estilos de personaxes. COMPRESIÓN ORAL Reportaxe sobre o	COMPRESIÓN ORAL Comprender, sen entrar en detalles, monólogos, sinxelos e non moi longos, sobre temas coñecidos, sempre que se desenvolvan en lingua estándar, cunha pronuncia clara e se fale pausadamente.	COMPRESIÓN ORAL Ser capaz de entender o esencial de exposicións públicas sinxelas e breves, emitidas en lingua estándar, sobre temas cotiáns de contidos previsibles. Ser capaz de entender
II- <u>Estratéxicos</u>			

<p>Explicar o que sabe, como o aprendeu e dirixir a súa aprendizaxe para seguir aprendendo. Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seu propios obxectivos a curto e a longo prazo.</p> <p>III- <u>Funcionais</u> Presentarse e presentar a outras persoas. Pedirlle á persoa interlocutora confirmación da comprensión. Describir persoas desde o punto de vista físico e do carácter e de estado de ánimo. Dar e pedir información con distintos graos de seguridade. Pedir, tomar e ceder a palabra.</p> <p>IV- <u>Discursivos</u> Textos orais e escritos, formais e informais. Extractos de blogs. Vídeo informativo.</p> <p>V- <u>Sintácticos</u> Presente e pasado (composto e imperfecto) Concordancia Indicadores de tempo (1) Reprise anaphorique (pronomes demostrativos)</p> <p>VI- <u>Léxicos</u> Identificación persoal: biografía, lembranza, descrición física e psicolóxica Política e sociedade relacións humanas e sociais, tipos de familia, asociacións</p> <p>VII- <u>Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Sons [s], [z], [t], [d] como marcadores frecuentes do xénero e do número.</p>	<p>tipo de familias Actividades lexicais : descrición física, de carácter, tipo de familia...</p> <p>Actividades gramaticais para revisar o presente do indicativo. Observación das formas verbais en singular ou plural. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS</p> <p>Transmitir información sobre cartaces de asociacións. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS</p> <p>Observación de cartas formais relacionadas cas relacións sociais. <u>Módulo 1.2 :</u> COMPRENSIÓN ESCRITA</p> <p>Lectura de textos sobre as relacións de amizade. COMPRENSIÓN ORAL</p> <p>Relatos de anécdotas. Actividades lexicais para traballar as relacións familiares, de amizade e sentimentais. Actividades gramaticais para traballar as formas do pasado : pasado composto e imperfecto do indicativo. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAIS</p> <p>Comparar distintas formas de comprometerse na sociedade. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN</p>	<p>Captar as ideas principais e algún detalle específico de textos audiovisuais ou doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos articulados con relativa lentitude e claridade. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS</p> <p>Iniciar, manter e terminar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións á cara, sobre temas cotiáns de interese persoal e pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo aínda que ás veces necesite facer pausas para pensar o que se quere dicir.</p> <p>Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixíbel para poder ser comprendido, malia un forte acento estranxeiro. COMPRENSIÓN ESCRITA</p> <p>Comprender textos sinxelos con descricións de persoas, obxectos, lugares ou dos procesos máis comúns, que traten sobre temas relacionados co seu campo de interese, sempre que o léxico utilizado non sexa especializado. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS</p> <p>Escribir textos narrativos e descritivos, sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou sobre temas do seu campo de interese. MEDIACIÓN</p> <p>Identificar e reelaborar por escrito a información</p>	<p>o esencial de conversas entre varios interlocutores, descricións e narracións breves reproducidas por medios audiovisuais, expresadas nunha linguaxe clara. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS</p> <p>Ser capaz de desenvolver interaccións sinxelas sen preparación previa, intercambiando información e opinións persoais, comprendendo o que se di cunha articulación clara, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan frases. COMPRENSIÓN ESCRITA</p> <p>Ser capaz de comprender textos sinxelos que traten sobre temas relacionados co seu campo de interese. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS</p> <p>Ser capaz de narrar elaborando textos sinxelos coherentes e cohesionados, usando marcadores de cohesión temática. MEDIACIÓN</p> <p>Ser capaz de transmitir a información xeral de cartaces sinxelos.</p>
---	---	---	---

	<p>ESCRITAS Redactar un texto para falar dun recordo.</p> <p><u>Módulo 1.3 :</u> COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS E ORAIS sobre o voluntariado : consellos e vivenzas. Actividades lexicais para practicar o vocabulario do voluntariado. Actividades gramaticais para o uso dos pronomes demostrativos. Observación da mediación escrita. Sensibilización ás estratexias da produción escrita PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN E MEDIACIÓN ORAIS: Organizar un speed-dating para integrar unha asociación. MEDIACIÓN ESCRITA : trasladar información a outros para transmitir datos sobre un anuncio de voluntariado.</p>	<p>básica ou complementaria a e transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.</p>	
--	--	--	--

Temporalización : 6 sesións de dúas horas (Modalidade semi-presencial: 3 horas en autonomía e 3 en clase presencial)

UNIDADE 2: Vivenda, fogar e contorna, e actividades económicas. (*Un quartier sur mesure*)

Obxectivos específicos :

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

Cubrir impresos e formularios -segundo modelos establecidos ou convencionais- que requiran datos persoais, académicos ou profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas nos textos fonte.

Competencias e	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
----------------	-------------	-------------------------	-------------------

contidos			
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais.</p> <p>II- <u>Estratéxicos</u> Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...). Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.</p> <p>III- <u>Funcionais</u> Solicitar aclaracións ou repeticións ante dificultades de comprensión. Pedir e ofrecer consellos e recomendacións. Explicar un problema de xeito sinxelo. Protestar e reclamar por un servizo.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Audiovisuais: documentais, material gravado, entrevista. Textos xornalísticos: noticias, reportaxes.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Presente do condicional. Expresión da comparación e da intensidade. Valor do pronome Y (lugar).</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Vivenda, fogar e contorna: tipos de vivenda, compartir vivenda, mudarse, campo e cidade Actividades económicas: tipo de comercio, formas</p>	<p><u>Módulo 2.1</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre o consumo. COMPRESIÓN ORAL Reportaxe sobre unha iniciativa de comercio local. Actividades gramaticais para traballar o pronome y e os posesivos. MEDIACIÓN Exemplos de mediación oral. Actividades lexicais para falar da contorna e do comercio. COPRODUCCION ORAL Lectura dunha presentación sobre as cartas formais. <u>Módulo 2.2</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura dun texto sobre o benestar na casa. COMPRESIÓN ORAL Comprensión de diferentes testemuñas para buscar un aloxamento. Actividades gramaticais para practicar a comparación e a intensidade. Actividades lexicais para usar os nomes de mobles e aparellos electródomecicos. Actividades de fonética: recoñecer o son [ʒ] e a pronuncia do adverbio <i>plus</i>. <u>Módulo 2.3</u></p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, extrapolando do contexto lingüístico e non lingüístico o significado de termos descoñecidos e deducindo o significado das oracións. PRODUCCIÓN E COPRODUCCION ORAIS Iniciar, manter e terminar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións á cara, sobre temas cotiáns de interese persoal e pertinentes para a vida diaria. Intercambiar información detallada de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares e acontecementos. COMPRESIÓN ESCRITA Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos en lingua estándar, como noticias, entrevistas, cartas ao director, reportaxes, etc., que traten temas coñecidos e ligados á cultura do idioma en cuestión, e que estean ben estruturados, identificando o esquema narrativo e argumentativo malia que non comprenda todos os detalles. Comprender o sentido global dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Tomar notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia breve</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Ser capaz de entender o esencial de exposicións públicas sinxelas e breves, emitidas en lingua estándar, sobre temas cotiáns de contidos previsibles. Ser capaz de adoptar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades. PRODUCCIÓN E COPRODUCCION ORAIS Ser capaz de desenvolver interaccións sinxelas sen preparación previa, intercambiando información e opinións persoais, comprendendo o que se di cunha articulación clara, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan frases. Ser capaz de describirse con precisión a si mesmo e describir outras persoas con trazos físicos e psicolóxicos, de describir un obxecto (forma, tamaño, impresións); de describir un lugar; e, finalmente, de describir un proceso (presentación, finalidade, elementos, distintas fases). COMPRESIÓN ESCRITA Ser capaz de comprender, nas noticias dun xornal, un suceso, as persoas implicadas, a súa localización temporal e espacial e os motivos e as consecuencias; de comprender o tema de debate e a postura a favor ou en contra nunha carta ao director</p>

<p>de comprar e relacións co persoal comercial.</p> <p><u>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Consoante [ʒ] Pronuncia do adverbio <i>plus</i>.</p>	<p>COMPRESIÓN ESCRITA Comprensión de textos sobre proxectos de barrios e cidades.</p> <p>COMPRESIÓN ORAL Comprensión dun documento sobre unha cidade francesa.</p> <p>Actividades gramaticais para traballar o presente do condicional.</p> <p>Ferramentas para describir un espazo urbano.</p> <p>Actividades lexicais para traballar o léxico da cidade e do barrio.</p>	<p>en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.</p> <p>Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios de que se dispón.</p> <p>MEDIACIÓN Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos).</p>	<p>ou nun artigo de opinión, etc., sempre que se poida facer un uso razoable do dicionario.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Ser capaz de utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído.</p> <p>Ser capaz de reformular brevemente as ideas principais dunha exposición oral ben estruturada e sinxela, así como algún detalle básico.</p> <p>MEDIACIÓN Ser capaz de comprender e intervir nunha conversa sinxela para transmitir información e opinión.</p>
<p>Temporalización: 5 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 2 en clase presencial)</p>			

<p>UNIDADE 3 : Actividades artísticas (<i>Loisirs</i>)</p> <p>Obxectivos específicos :</p> <p>Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.</p> <p>Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.</p> <p>Comprender mensaxes electrónicas, escritas con claridade, de carácter persoal ou formal do seu interese.</p> <p>Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo o sentido xeral da información e as opinións contidas nos textos fonte.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe</p>	<p><u>Módulo 3.1</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura e escoita dunha axenda cultural.</p> <p>COMPRESIÓN ORAL Reportaxe sobre o</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Comprender a información esencial de conversas ou discusións articuladas con claridade, pausadamente e en lingua estándar, en que se traten temas cotiáns (necesidades materiais, sensacións físicas e</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Ser capaz de localizar a información esencial en interaccións mantidas sobre un ámbito próximo, cunha pronuncia clara, en lingua estándar e coa posibilidade de volver</p>

<p>corporal.</p> <p>II- <u>Estratéxicos</u></p> <p>Deducir e establecer relacións entre as linguas coñecidas. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</p> <p>III- <u>Funcionais</u></p> <p>Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.</p> <p>IV- <u>Discursivos</u></p> <p>Programa de lecer, audiovisuais (video de divulgación, reportaxe. documental), texto xornalístico.</p> <p>V- <u>Sintácticos</u></p> <p>Futuro próximo e simple. Indicadores de lugar (2) e tempo. Si+imperfecto (1) : propoñer. Estructuras interrogativas.</p> <p>VI- <u>Léxicos</u></p> <p>Actividades artísticas: tempo libre; actividades de lecer.</p>	<p>fomento á actividade física. Teoría e actividades gramaticais : expresión do lugar e do tempo. Actividades lexicais (propostas de saídas e compras de billetes). MEDIACIÓN Observación das estratexias de mediación.</p> <p><u>Módulo 3.2</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura dun texto sobre as novas formas de escoitar música. COMPRESIÓN ORAL Vídeo sobre o contido das series. Comprensión de críticas de libros. Actividades gramaticais para practicar o uso do futuro do indicativo. COPRODUCCIÓN ORAIS Observación das estratexias para interactuar en relación con propostas de saídas. Actividades lexicais (lecer e opinións). <u>Módulo 3.3</u> COMPRESIÓN ESCRITA Comprensión de textos sobre festivais de cinema de circuito alternativo. COMPRESIÓN ORAL Vídeo sobre o proceso de creación dunha banda</p>	<p>sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer. Captar as ideas principais e algún detalle específico de textos audiovisuais ou doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos, cando se articulen con relativa lentitude e claridade, e identificar opinións e actitudes expresadas nunha linguaxe sen connotacións rexionais ou sociais. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Iniciar, manter e terminar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións á cara, sobre temas cotiáns de interese persoal e pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo aínda que ás veces necesite facer pausas para pensar o que se quere dicir. Facer exposicións breves e ensaiadas con relativa fluidez e responder a preguntas sinxelas, en lingua estándar, que soliciten aclaracións ou ampliación da información. COMPRESIÓN ESCRITA Localizar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián, redactados en lingua estándar e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como do profesional ou público. Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos en lingua estándar, como noticias, entrevistas, cartas ao director, reportaxes, etc. que traten temas coñecidos e ligados á cultura do idioma en cuestión, e que estean ben estruturados, identificando o esquema narrativo e argumentativo malia que non comprenda todos os detalles. PRODUCCIÓN E</p>	<p>escoitalo. Ser capaz de entender o esencial de conversas entre varios interlocutores, descrições e narracións breves reproducidas por medios audiovisuais. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Ser capaz de producir monólogos sostidos moi sinxelos preparados de antemán, sen pausas excesivas e reaccionando lingüísticamente ás preguntas dos interlocutores, aínda que se teña que solicitar repetición. COMPRESIÓN ESCRITA Ser capaz de encontrar informacións concretas en textos do seu interese ou que necesite cun fin particular (como cartas, catálogos e documentos oficiais breves), na vida doméstica, no traballo, no estudo ou no lecer. Ser capaz de comprender, nas noticias dun xornal o nun soporte dixital, unha información relativa a oferta cultural ou de lecer. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Ser quen de escribir seguindo unha estrutura coherente para narrar feitos e dar opinións. MEDIACIÓN Ser capaz de comprender unha conversa sinxela dando a súa opinión e a información máis relevante dun evento cultural.</p>
---	--	---	--

<p><u>VII- Fonético- fonolóxico e ortotipográfico)</u> A diferenza de entoación entre interrogación e afirmación. Entoación: diferenciación entre proposta e rexeitamento.</p>	<p>sonora orixinal. Documento vídeo sobre unha recomendación literaria. Actividades gramaticais (a interrogación). Actividades lexicais (repaso das actividades de lecer). Intonación das distintas frases en francés.</p>	<p>COPRODUCCIÓN ESCRITAS Escribir textos narrativos e descritivos, sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou sobre temas do seu campo de interese. MEDIACIÓN Pode facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos contidos nos textos fonte (orais ou escritos).</p>	
<p>Temporalización: 5 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 3 en clase presencial)</p>			

<p>UNIDADE 4 : MEDIAS E NOVAS TECNOLOXÍAS (<i>Nouvelles technologies</i>)</p>			
<p>Obxectivos específicos :</p>			
<p>Comprender as ideas xerais dun programa de radio de temas coñecidos (boletín informativo, reportaxe...) articulados con certa lentitude e claridade.</p>			
<p>Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.</p>			
<p>Redactar resumos moi breves en formato convencional nos que ofrece a súa opinión sobre feitos concretos.</p>			
<p>Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.</p>			
<p>Competencias e contidos</p>	<p>Actividades</p>	<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Mínimos esixibles</p>

<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Relacionar a información nova con coñecementos previos. Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Expresar a necesidade ou o desexo de facer algo ou de que suceda algo.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Presentacións, audiovisuais (documentais), entrevista informais, textos informais (blogs), programa de radio.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Modo subxuntivo (1) Expresión da opinión. Os pronomes relativos (repasso + pronome <i>DONT</i>) Os pronomes indefinidos. Uso dos modos verbais para dar a opinión.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Información e medios de comunicación : medios de comunicación, Internet e redes</p>	<p><u>Módulo 4.1</u> COMPRESIÓN ESCRITA Exposición do panorama actual de certos medios de comunicación francófonos. COMPRESIÓN ORAL Reportaxe sobre os medios de comunicación que nos rodean. Escoita dunha conversa interxeracional sobre distintas formas de informarse. Actividades léxicais (vocabulario dos medias). Actividades gramaticais (traballo cos pronomes relativos sinxelos e pronomes indefinidos). MEDIACIÓN Mediación de datos cifrados. Pronuncia da consoante /R/.</p> <p><u>Módulo 4.2</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura dun texto sobre seguridade en Internet. COMPRESIÓN ORAL Visualización dun documento nas redes sociais e a súa clasificación. Escoita un informe sobre a protección dos nosos datos. Actividades gramaticais (presente do subxuntivo na expresión do consello, a opinión,</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Comprender, sen entrar en detalles, monólogos, como conferencias e presentacións, sinxelos e breves, sobre temas coñecidos, sempre que se desenvolvan en lingua estándar, cunha pronuncia clara e se fale pausadamente. Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que a información técnica sexa sinxela e ordenada. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Manifestar puntos de vista e opinións persoais expresando con amabilidade crenzas, opinións, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal e profesional, así como explicar proxectos sinxelos e solicitar as opinións e puntos de vista doutros, interactuando con relativa fluidez e espontaneidade. Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas. COMPRESIÓN ESCRITA Localizar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián, redactados en lingua estándar e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como do profesional ou público. Comprender textos sinxelos con descrições de persoas, obxectos, lugares ou dos procesos máis comúns, que traten sobre temas relacionados co seu campo de interese. Comprender instrucións</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Ser capaz de entender o esencial de exposicións públicas sinxelas e breves, emitidas en lingua estándar, sobre temas cotiáns de contidos previsibles. Ser capaz de reaccionar adecuadamente ás instrucións sinxelas de funcionamento de aparellos coñecidos de uso cotián, identificando as accións e a súa secuencia, e os obxectos esenciais para realizar a tarefa. Ser capaz de adoptar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Ser capaz de entender as ideas principais dunha discusión informal, facendo comentarios breves sobre os puntos de vista doutras persoas, cun discurso claramente articulado en lingua estándar, e sendo quen de facer comprender tamén as súas opinións respecto de cuestións prácticas e sobre temas concretos ou abstractos. COMPRESIÓN ESCRITA Ser capaz de identificar trazos característicos físicos e psicolóxicos, fases e elementos dun proceso, e de situarse no espazo e na secuencia temporal. Ser capaz de seguir instrucións técnicas de aparellos de uso cotián, instrucións de instalación ou uso de software do seu interese, sempre que conte con tutoriais baseados en esquemas visuais. Ser capaz de distinguir a información relevante. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Ser capaz de utilizar</p>
---	--	--	--

<p>sociais, información falsa e boas prácticas nas redes.</p> <p><u>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Consoante[R]</p>	<p>o desexo e a finalidade). Actividades léxicais (vocabulario básico de Internet).</p> <p><u>Módulo 4.3</u> COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL Lectura e escoita de textos sobre ferramentas para superar as dificultades de aprendizaxe Texto sobre a desinformación. Repaso gramatical do uso dos modos verbais para expresar a opinión. Actividades gramaticais (repaso de ferramentas para opinar). COPRODUCCIÓN ORAL Estratexias de comunicación (observación de instrumentos para participar nun foro). Actividades léxicais (uso axeitado das tecnoloxías; rumores e desinformación).</p>	<p>técnicas sinxelas relativas a aparellos de uso habitual, escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Escribir notas solicitando ou dando información de carácter inmediato e salientando os aspectos que lle resultan importantes. Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios de que se dispón. MEDIACIÓN Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p>	<p>estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se está seguro: a planificación do texto, a selección das ideas pertinentes ao propósito comunicativo, a presentación das ideas segundo o tipo de texto, a organización adecuada en parágrafos e a revisión da ortografía, a puntuación e as concordancias. MEDIACIÓN Ser quen de Identificar e reelaborar por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p>
<p>Temporalización: 5 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 2 en clase presencial)</p>			

<p>UNIDADE 5 : TRABALLO (<i>Travail</i>)</p> <p>Obxectivos específicos :</p> <p>Comprender as ideas principais dunha conversa, dicusión ou debate articulados con claridade e ben organizados en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común, sempre que se poidan pedir repeticións ou aclaracións. Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.</p> <p>Comprender correspondencia informal clara do ámbito privado, e correspondencia formal breve de institucións relacionadas co seu ámbito académico ou profesional.</p> <p>Cubrir impresos e formularios -segundo modelos- que requiran datos persoais, académicos, profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións.</p>

Redactar documentos breves relacionados coa súa propia área profesional, aínda que sexa necesaria unha revisión.
Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Repetir, recoñecer e usar modelos de lingua etc. Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Expresar sensacións e percepcións: medo, dificultade etc. Falar do futuro e facer hipóteses. Introducir un tema en situacións formais e informais. Utilizar as convencións propias dos textos e discursos que manexan.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Instrucións e indicacións. Entrevistas de traballo. Audiovisuais: documentais, vídeo</p>	<p><u>Módulo 5.1</u> COMPRESIÓN ESCRITA E ORAL Asociación de nomes de postos de traballo coa súa descrición. Escoita e lectura de textos sobre a elección dunha profesión. Asociación de profesións coa súa descrición. Revisión e práctica do imperativo. Recoñecemento de semiconsoantes.</p> <p><u>Módulo 5.2</u> COMPRESIÓN ESCRITA Visualización dun anuncio institucional do Québec. Comprender consellos para unha entrevista de traballo exitosa Categorización de palabras de busca de emprego. Teoría e práctica de hipóteses con imperfecto. COPRODUCCIÓN ESCRITA Observación da estrutura do correo electrónico no caso da carta de motivación. Introdución ao rexistro en intercambios formais escritos.</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Comprender a información esencial de conversas ou discusións articuladas con claridade, pausadamente e en lingua estándar, en que se tratan temas cotiáns relacionados co traballo, estudos e lecer. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Iniciar, manter e terminar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións á cara, sobre temas cotiáns de interese persoal comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo aínda que ás veces necesite facer pausas para pensar o que se quere dicir. Desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá intercambiando e confirmando información con certo detalle e dando instrucións ou solucións para problemas prácticos, sempre que os seus interlocutores falen con claridade e se empregue unha lingua estándar. COMPRESIÓN ESCRITA Localizar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián, redactados en lingua estándar e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como do profesional ou público. Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos en lingua estándar, como noticias, entrevistas, cartas</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Ser capaz de localizar a información esencial en interaccións mantidas sobre un ámbito próximo, cunha pronuncia clara, en lingua estándar e coa posibilidade de volver escoitalo. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Ser capaz de desenvolver interaccións sinxelas sen preparación previa, intercambiando información e opinións persoais, comprendendo o que se di cunha articulación clara, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan frases. Ser capaz de expresar e responder a sentimentos (sorpresa, felicidade, tristeza, interese e indiferenza). Ser capaz de producir monólogos sostidos moi sinxelos preparados de antemán, sen pausas excesivas e reaccionando lingüisticamente ás preguntas dos interlocutores, aínda que se teña que solicitar repetición. COMPRESIÓN ESCRITA Ser capaz de encontrar informacións concretas en textos do seu interese ou que necesite cun fin particular. Ser capaz de comprender, nas noticias dun xornal, un suceso, as persoas implicadas, a súa</p>

<p>divulgativo institucional.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Pronomes directos e indirectos e o pronome Y (outros valores) Si + imperfecto : hipótesis (2) Imperativo: repaso e uso</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Tipos de traballo e tarefas asociadas. Desemprego e procura de traballo, sectores laborais. Situacións laborais particulares.</p> <p><u>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Semi-consoantes</p>	<p><u>Módulo 5.3</u> COMPRESIÓN ESCRITA E ORAL Comprensión de textos orais e escritos sobre situacións de traballo. Revisión das categorías léxicas do mundo laboral. Teoría e práctica dos pronomes complementos. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Observación de diferentes rexistros en intercambios escritos.</p>	<p>ao director, reportaxes, etc., que traten temas coñecidos e ligados á cultura do idioma en cuestión, e que estean ben estruturados, identificando o esquema narrativo e argumentativo malia que non comprenda todos os detalles. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Escribir notas solicitando ou dando información de carácter inmediato e salientando os aspectos que lle resultan importantes. Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios de que se dispón. MEDIACIÓN Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p>	<p>localización temporal e espacial e os motivos e as consecuencias; de comprender o tema de debate e a postura a favor ou en contra nunha carta ao director ou nun artigo de opinión, etc. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Ser capaz de redactar correctamente textos moi breves e sinxelos sobre asuntos do seu interese a interlocutores coñecidos para informar, contactar, invitar, agradecer e pedir desculpas. Ser capaz de utilizar estratexias que faciliten un estilo de escritura sinxelo e fluído, evitando o uso de palabras ou estruturas das que non se está seguro. MEDIACIÓN Ser quen de identificar e reelaborar por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p>
<p>Temporalización: 4 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 2 horas en autonomía e 2 en clase presencial) + 2 sesións para realizar as tarefas de proba de progreso</p>			

2º cuadrimestre: unidades 6 -10

UNIDADE 6 : ALIMENTACIÓN (*Passons à table!*)

Obxectivos específicos :

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual.

Pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre un menú e sobre as diferentes formas de pagamento.

Comprender información e instrucións relevantes contidas en folletos sinxelos como anuncios publicitarios.

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo

unha receta de cociña.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Relacionar a información nova con coñecementos previos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Solicitar información sobre servizos. Relatar accións pasadas.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Textos orais: vídeo documental, anuncio publicitario. Textos escritos: presentación, esquemas, infografía, textos de blogs, receitas de cociña.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Valores do pronome <i>En</i>: preposición ou pronome. Expresión da cantidade. Expresión da frecuencia.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Preparación da comida. O bo uso dos alimentos.</p>	<p><u>Módulo 6.1</u> COMPRENSIÓN ESCRITA E ORAL Presentación escrita e oral dunha forma de cociñar : o <i>batch cooking</i>. COMPRENSIÓN ESCRITA Lectura dun texto sobre o desperdicio alimentario. COMPRENSIÓN ORAL Comprensión dun vídeo sobre o desperdicio alimentario no mundo. Actividades léxicas relacionadas coa cociña. Actividades gramaticais sobre as diferentes funcións da palabra "<i>en</i>". Identificación de palabras con vogais nasais.</p> <p><u>Módulo 6.2</u> COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA Lectura de textos sobre tendencias alimentarias. Comprensión oral e escrita de receitas de cociña. Actividades gramaticais sobre a expresión da cantidade. Actividades léxicas sobre o</p>	<p>COMPRENSIÓN ORAL Comprender, sen entrar en detalles, monólogos, como conferencias e presentacións, sinxelos e non moi longos, sobre temas coñecidos, sempre que se desenvolvan en lingua estándar, cunha pronuncia clara e se fale pausadamente. Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, extrapolando do contexto lingüístico e non lingüístico o significado de termos descoñecidos e deducindo o significado das oracións. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Iniciar, manter e terminar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións á cara, sobre temas cotiáns de interese persoal e pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo aínda que ás veces necesite facer pausas para pensar o que se quere dicir. Desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá intercambiando e confirmando información con certo detalle e dando instrucións ou solucións para problemas prácticos, sempre que os seus interlocutores falen con claridade e se empregue unha lingua estándar. COMPRENSIÓN ESCRITA Localizar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián, redactados en</p>	<p>COMPRENSIÓN ORAL Ser capaz de entender o esencial de exposicións públicas sinxelas e breves, emitidas en lingua estándar, sobre temas cotiáns de contidos previsibles (como a gastronomía, actualidade, etc.), que permiten usar os coñecementos previos para facilitar a comprensión. Ser capaz de adoptar estratexias que faciliten a comprensión e permitan superar eventuais dificultades. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Ser capaz de desenvolver interaccións sinxelas sen preparación previa, intercambiando información e opinións persoais, comprendendo o que se di cunha articulación clara, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan frases. Ser capaz de expresar e responder a sentimentos (sorpresa, felicidade, tristeza, interese e indiferenza). Ser capaz de describir un obxecto (forma, tamaño, impresións) usando termos específicos sinxelos e un proceso (presentación, finalidade, elementos, distintas fases) usando os termos e os conectores que indican a orde das operacións. COMPRENSIÓN ESCRITA Ser capaz de encontrar informacións concretas en textos do seu interese ou que necesite cun fin particular.</p>

<p>Comer fora. Características dos alimentos e das dietas alimentarias.</p> <p><u>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Vogais nasais: identificación e recoñecemento.</p>	<p>vocabulario de receitas de cociña e tendencias actuais. Actividades fonéticas para familiarizarse coas vogais nasais.</p> <p><u>Módulo 6.3</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de recomendacións culinarias e tradicións gastronómicas. COMPRESIÓN ORAL Comprensión dun anuncio de restaurante. Revisión gramatical da expresión da frecuencia. Actividades léxicas sobre o mundo da restauración. MEDIACIÓN Familiarización coa mediación oral.</p>	<p>lingua estándar e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como do profesional ou público. Comprender textos sinxelos con dos procesos máis comúns. Comprender o sentido global dos textos, mediante claves lingüísticas e non lingüísticas.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Escribir notas solicitando ou dando información de carácter inmediato e salientando os aspectos que lle resultan importantes. Escribir textos narrativos e descritivos, sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou sobre temas do seu campo de interese. MEDIACIÓN Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p>	<p>Ser capaz de identificar elementos dun proceso. Ser capaz de identificar palabras e ideas clave proporcionadas polo texto e polas imaxes, inferindo o significado do contexto lingüístico e paralingüístico, e dos coñecementos que se poidan ter do tema.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Ser capaz de redactar correctamente textos moi breves e sinxelos sobre asuntos do seu interese a interlocutores coñecidos para informar, contactar, invitar, agradecer e pedir desculpas. Ser capaz de narrar elaborando textos sinxelos coherentes e cohesionados, usando marcadores de cohesión temática como a correferencia, a elipse, as repeticións, os signos de puntuación e outros signos de división e cohesión textual. Ser capaz de usar conectores que expresan relacións lóxicas tales como causa, consecuencia, finalidade, etc. MEDIACIÓN Ser quen de identificar e reelaborar por escrito a información básica ou complementaria necesaria.</p>
<p>Temporalización: 5 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 2 en clase presencial) + 1 sesión para realizar as tarefas de proba de progreso</p>			

<p>UNIDADE 7 : SAÚDE (<i>Santé et bien-être</i>)</p> <p>Obxectivos específicos :</p> <p>Comprender instrucións sinxelas, que poidan ter axuda de soporte visual, contidas en prospectos de medicamentos. Dar información xeral sobre un asunto de saúde. Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual. Intervir en asuntos relacionados coa vida cotiá, expresando opinións e sentimentos. Comprender descripcións claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.</p>
--

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Resumir para comprender e producir textos orais ou escritos. Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. Activar e procurar coñecementos previos sobre a lingua, a situación, os contidos, as persoas...; informarse se hai axudas visuais etc.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. Preguntar e responder sobre o estado físico e anímico. Explicar un síntoma dunha enfermidade.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Instrucións e indicacións. Entrevistas de consultas médicas.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Modo subxuntivo (2)</p>	<p><u>Módulo 7.1</u> COMPRESIÓN ESCRITA Cuestionario sobre a temática da saúde nos países francófonos. Lectura dun texto sobre a lexislación en materia de mobilidade urbana. COMPRESIÓN ORAL Comprensión de documentos orais e escritos sobre a saúde. Actividades lexicais (enfermidades e síntomas). Actividades gramaticais (obriga e interdicción). Actividades para familiarizarse co "e caduc".</p> <p><u>Módulo 7.2</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre saúde e accidentes. COMPRESIÓN ORAL Comprensión de documentos orais sobre prevención en materia de saúde. Actividades lexicais (accidentes e saúde). Actividades gramaticais (consello). Entoación nas oracións simples.</p> <p><u>Módulo 7.3</u> COMPRESIÓN ESCRITA</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Desenvólvese nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá (p.e. nun asunto de saúde), sempre que os seus interlocutores e as súas interlocutoras falen con claridade e empreguen unha lingua estándar. Pronuncia e entoación de xeito intelixible, aínda que resulte evidente o acento estranxeiro ou cometa erros de pronuncia -sempre que non interrompan a comunicación- e os/as interlocutores/as teñan que solicitar repeticións de cando en vez.</p> <p>COMPRESIÓN ESCRITA Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Ser quen de entender as ideas principais e os detalles informativos ou factuais de textos orais e audiovisuais que traten temas coñecidos, sempre que estean articulados con claridade e lentitude.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Ser quen de desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá como a vista ao médico. Ser capaz de pronunciar con suficiente corrección frases sinxelas, respetando a entoación adecuada según o tipo de oración.</p> <p>COMPRESIÓN ESCRITA Ser quen de identificar e seleccionar información de interese relacionada co tema da saúde.</p> <p>PRODUCCIÓN ESCRITA Ser capaz de intercambiar ideas e información en situacións de saúde o seguridade de xeito sinxelo.</p> <p>MEDIACIÓN Ser capaz de mediar nas interaccións entre persoas adaptándose ao rexistro do destinatario.</p>

<p>Expresións do consello, da recomendación e da prohibición. Os posesivos.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Enfermidades e síntomas. Accidentes e lesións. Medicina clásica e alternativa. Servizos de saúde. Sensacións e percepcións físicas.</p> <p><u>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> O "e caduc" A entoación coas expresións de orde, permisión e prohibición.</p>	<p>Lectura dun texto sobre tratamentos non científicos. COMPRENSIÓN ORAL Comprensión de textos orais sobre a visita ao médico e sobre os sistemas de saúde. Actividades lexicais (fármacos, tratamentos, establecementos sanitarios). Actividades gramaticais (os posesivos).</p>	<p>MEDIACIÓN Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p>	
--	---	---	--

Temporalización: 6 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 3 en clase presencial)

UNIDADE 8 : MEDIO AMBIENTE (*Le monde bouge*)

Obxectivos específicos :

Comprender as ideas principais dun debate articulado con claridade e ben organizado en lingua estándar, aínda que poida presentar algunha estrutura idiomática moi común.

Facer breves exposicións previamente preparadas nas que, ademais, pode responder a preguntas para aclarar puntos non suficientemente claros.

Comprender anuncios e mensaxes que conteñan instrucións de uso frecuente no ámbito público, educativo e profesional da súa especialidade, expresadas en linguaxe habitual.

Escribir notas persoais sinxelas nas que se relaten experiencias e se expresen opinións ou desexos.

Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas recollendo os puntos e os aspectos máis relevantes, durante unha presentación clara e directa nunha variedade estándar da lingua, sobre temas coñecidos ou habituais.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe</p>	<p><u>Módulo 8.1</u> COMPRENSIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre a vida no rural. COMPRENSIÓN ORAL Lectura de testemuñas sobre</p>	<p>COMPRENSIÓN ORAL Localizar e identificar información relevante para unha tarefa específica en diferentes textos extensos en soporte papel ou dixital, redactados en lingua estándar, que poderán conter termos cultos usuais</p>	<p>COMPRENSIÓN ORAL Ser capaz de buscar información concreta en textos de uso cotián, persoais ou profesionais (cartas, catálogos, documentos oficiais curtos). Ser capaz de localizar e</p>

<p>corporal.</p> <p>II- <u>Estratéxicos</u> Utilizar todos os medios ao seu alcance (Internet, proxectos sobre diversos temas, axuda doutros/as falantes...) Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo.</p> <p>III- <u>Funcionais</u> Reaccionar con expresións que amosen o sentimento adecuado á situación. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema. Enunciar o peche do discurso e pechalo.</p> <p>IV- <u>Discursivos</u> Conversas formais e informais Debates e discusións formais Textos xornalísticos: noticias, reportaxes, entrevistas...</p> <p>V- <u>Sintácticos</u> A expresión da oposición e da concesión. A expresión da causa e da consecuencia. Os graos de certeza.</p> <p>VI- <u>Léxicos</u> Problemas ambientais. Paisaxe urbana e</p>	<p>lugares de vida. Escoita dunha reportaxe sobre os xardíns compartidos. Vídeo sobre a experiencia dun mozo labrego. Actividades lexicais (cidade e campo). Actividades gramaticais (oposición e concesión). Observación e repetición de vogais frontais labiais.</p> <p><u>Módulo 8.2</u></p> <p>COMPRENSIÓN ESCRITA Lectura e escoita de textos sobre problemas ambientais (situación actual dos insectos, accións ilícitas contra o medio ambiente, etc.).</p> <p>Actividades gramaticais (causa e consecuencia). Actividades lexicais (problemas ambientais).</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Observación e aplicación dunha categoría de conectores (marcadores do discurso).</p> <p><u>Módulo 8.3</u></p> <p>COMPRENSIÓN ESCRITA Textos orais e escritos sobre formas de actuar para protexer o noso planeta.</p> <p>Actividades gramaticais (graos de certeza).</p>	<p>e non especializados. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Facer unha presentación breve e preparada en lingua estándar sobre un tema coñecido ou do seu interese, clara e ben estruturada, na que saliente as ideas principais cunha precisión suficiente e responda a preguntas aclaratorias ou complementarias aínda que necesite repeticións. Poder participar nunha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.</p> <p>COMPRENSIÓN ESCRITA Identificar información relevante e as conclusións principais de textos informativos, narrativos e argumentativos, en soporte papel ou dixital, escritos con claridade e en lingua estándar, e que traten temas coñecidos ou de actualidade.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Realizar intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples. Utilizar, de xeito adecuado e para que resulte bastante comprensible, os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital.</p> <p>MEDIACIÓN Identificar e reelaborar por escrito a información básica ou complementaria que</p>	<p>escoller información importante en textos extensos (xornais, informes, catálogos, folletos...), en lingua estándar, que traten temas, persoais ou profesionais, que lle interesen para unha tarefa específica. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAIS Ser capaz de realizar unha presentación preparada, sinxela, con claridade e ben estruturada, en lingua estándar, sobre temas cos que estea familiarizado. COMPRENSIÓN ESCRITA Ser capaz de identificar opinións, puntos de vista, valoracións, recollidas en textos de tipoloxía diversa, escritas con claridade e en lingua estándar. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITAS Ser capaz de intercambiar información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples. MEDIACIÓN Ser capaz de sintetizar información ou parafrasear, recollendo soamente. Ser capaz de reconstruír as ideas principais dun texto expresándoas coas súas propias palabras.</p>
--	---	---	---

rural. <u>VII- Fonético- fonolóxico e ortotipográfico</u> Voyelles antérieures labiales [y], [ø], [œ] Os homófonos.	Actividades lexicais (actuacións da vida cotiá). Estratexias para a resolución de problemas ortográficos : os homófonos.	necesita e transmitir a mensaxe con claridade e eficacia.	
Temporalización: 5 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 2 en clase presencial)			

<p>UNIDADE 9: Educación (<i>L'école et les écoles</i>)</p> <p>Obxectivos específicos :</p> <p>Comprender informacións referidas a identificacións e caracterizacións persoais expresadas en linguaxe habitual.</p> <p>Comprender noticias e artigos periodísticos breves escritos con claridade, sinxelos e ben estruturados sobre temas cotiáns ou do seu interese.</p> <p>Solicitar información simple relacionada con cuestións administrativas ou académicas.</p> <p>Cubrir impresos e formularios -segundo modelos establecidos ou convencionais- que requiran datos persoais, académicos ou profesionais nos que, por exemplo, se pregunten ou ofrezan explicacións.</p> <p>Resumir por escrito os puntos principais expresados en conversacións, entre dúas ou máis persoas interlocutoras, claramente estruturadas, articuladas a velocidade normal e nunha variedade estándar da lingua, sobre temas de interese persoal ou do propio campo de especialización nos ámbitos académico e profesional.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Regular e autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta</p>	<p><u>Módulo 9.1</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre a escola do pasado e actual. Documento sobre o uso do uniforme no mundo. COMPRESIÓN ORAL Documentos visuais sobre lembranzas escolares. Actividades gramaticais (uso do pasado nos relatos e correlación temporal no discurso). Actividades lexicais (material escolar, lugares e persoas</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Comprende as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa (entrevistas, noticiarios, documentais...) que estean articulados con certa lentitude e claridade e nos que se traten temas coñecidos, aínda que non se comprendan algunhas opinións. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Manifesta opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Ser capaz de comprender as ideas principais e os detalles específicos de tipo informativo en textos orais audiovisuais de natureza informativa.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Ser capaz de manifestar opinións persoais, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal, académico e profesional. É quen de facer exposicións breves,</p>

<p>determinados aspectos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Relatar accións e circunstancias pasadas. Dar e pedir información sobre sucesos pasados. Informar de actividades no pasado consideradas no seu punto de partida. Dar e pedir información con distintos graos de seguridade. Enumerar, opoñer e exemplificar, cambiar de tema. Enunciar o peche do discurso e pechalo.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Conversas formais e informais. Debates e discusións formais Entrevistas académicas Currículo Documentos oficiais: formularios, impresos, instancias.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Indicadores de tempo e lugar (3) : pluscuamperfecto. Correlación temporal nas oracións: continuidade e discontinuidade. Uso e colocación dos adverbios. Uso da impersonalidade (valores do pronome <i>On</i>). Observación do uso da frase pasiva.</p>	<p>relaciondas co medio escolar). PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Conversas sobre lembranzas do pasado na escola. Compartir a súa vivenza como alumno.a. Traballo coa h aspirada e a elisión. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Estratexias para traballar os erros mais frecuentes.</p> <p><u>Módulo 9.2</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre o sistema escolar francés, COMPRESIÓN ORAL Documento visual sobre o sistema escolar suízo. Documento visual sobre dispositivos de autregulación para a integración do alumnado autista as aulas. Actividades gramaticais (uso correcto dos adverbios). Actividades lexicais (etapas escolares, materias...). PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Estratexias para traballar os erros mais frecuentes. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Reflexión sobre o sistema escolar e a súa posible mellora.</p>	<p>empregando fórmulas simples. Fai exposicións breves, previamente preparadas, nas que pode responder, en lingua estándar, a preguntas sinxelas que precisen aclaracións.</p> <p>COMPRESIÓN ESCRITA Comprende léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses educativos e pode, xeralmente de xeito correcto, inferir do contexto e do cotexto os significados dalgunhas palabras e expresións que descoñece.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Utiliza, de xeito adecuado e para que resulte bastante comprensible, os signos de puntuación elementais (p.e. punto, coma) e as regras ortográficas básicas (p.e. uso de maiúsculas e minúsculas), así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital. Redacta documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito académico nos que pode ofrecer a súa opinión sobre feitos concretos.</p> <p>MEDIACIÓN Toma notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicíttaa con anterioridade para tela dispoñible. Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a</p>	<p>previamente preparadas.</p> <p>COMPRESIÓN ESCRITA Ser capaz de comprender léxico escrito de uso frecuente relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos seus intereses persoais, educativos.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Ser capaz de utilizar, os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, así como as convencións formais máis habituais de redacción de textos, tanto en soporte papel como dixital. É quen de redactar documentos, resumos e informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos do ámbito académico.</p> <p>MEDIACIÓN Ser capaz de tomar notas coa información necesaria que considera importante, así como identificar e reelaborar por escrito a información básica ou complementaria.</p>
---	--	---	--

<p><u>VI- Léxicos</u> Educación: actividades escolares, o sistema educativo, o ensino das linguas estranxeiras</p> <p><u>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico.</u> A letra "h" aspirada e a elisión.</p>	<p><u>Módulo 9.3</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre a capacidade de aprender. COMPRESIÓN ORAL Documentos visuais sobre o funcionamento do cerebro no proceso de aprendizaxe e outro sobre os mecanismos para aprender idiomas. Actividades gramaticais (pronome <i>ON</i> e a observación da voz pasiva). Actividades lexicais (familias lexicais, verbos de acción relacionados coa educación) PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Actividade de mediación dun anuncio de clases particulares. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Estratexias para traballar os erros mais frecuentes.</p>	<p>mensaxe con claridade e eficacia.</p>	
--	---	--	--

Temporalización: 6 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 3 en clase presencial)

UNIDADE 10 : Viaxes e transportes (*Évasion*)

Obxectivos específicos :

Comprender informacións referidas a transaccións (aloxamento, alimentación, servizos...) expresadas en linguaxe habitual en lingua estándar.

Resolver nunha viaxe case todas as situacións comunicativas previsibles (tendas, hoteis, transporte...).

Comprender descrições claras e directas de persoas, acontecementos, obxectos, lugares.

Redactar textos nos que se narran historias curtas e sinxelas que describen un feito real, por exemplo unha viaxe.

Interpretar durante intercambios entre amigos/as, coñecidos/as, familiares ou colegas, nos ámbitos

persoal e público (p.e. en visitas culturais), sempre que poida pedir confirmación dalgúns detalles.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u> Teranse en conta as seguintes áreas: a vida cotiá, as relacións persoais e profesionais, as convencións sociais e a linguaxe corporal.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u> Relacionar a información nova con coñecementos previos. Tomar conciencia do que se quere aprender: do contido xeral, da información específica, da información polo miúdo. Asegurar a comprensión, repetir o comprendido, preguntar sobre o dito, volver escoitar o texto tendo en conta determinados aspectos.</p> <p><u>III- Funcionais</u> Propoñer, aceptar, rexeitar invitacións e propostas. Referir informacións, propostas e peticións formuladas por outras persoas. Solicitar información sobre servizos. Pedir e ofrecer consellos e recomendacións. Reaccionar e cooperar na interacción.</p> <p><u>IV- Discursivos</u> Instrucións e indicacións.</p>	<p><u>Módulo 10.1</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre a formas de viaxar e perfís de turistas. COMPRESIÓN ORAL Podcast sobre unha forma particular de planificar as viaxes. Documento visual sobre os medios de transportes usados para viaxar. Actividades gramaticais (actividades para practicar os tempos verbais dos diferentes modos e os conectores apropiados). Actividades lexicais (tipos de viaxes, actividades de viaxe, características das viaxes, equipaxe,...) PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Expoñer as súa forma de anticipar unha viaxe. Intercambiar consellos e recomendacións antes de viaxar. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Practicar o uso das siglas e abreviaturas nos documentos oficiais o persoais. Escribir unha carta o un correo a unha oficina de turismo. Participar nun foro para dar consellos. MEDIACIÓN Trasladar</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran, inferindo o significado de termos a partir do contexto lingüístico e dos coñecementos que se poidan ter do tema, doutras linguas e das características do medio no que aparece a información.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situacións comunicativas previsibles nunha viaxe (en tendas, hoteis, transportes, restaurantes...).</p> <p>COMPRESIÓN ESCRITA Identifica e selecciona información relevante nun texto extenso (xornalístico, catálogo, folletos...), sempre que estea relacionado co seu interese ou ámbito profesional, coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Realiza intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.</p> <p>MEDIACIÓN Pode facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás</p>	<p>COMPRESIÓN ORAL Ser capaz de comprender e identificar palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto coma polas imaxes que o ilustran.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Ser capaz de interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolver situacións comunicativas previsibles nunha viaxe</p> <p>COMPRESIÓN ESCRITA Ser capaz de identificar e seleccionar información relevante nun texto extenso coa finalidade de preparar, por exemplo, unha exposición.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Ser capaz de realizar intercambios de información, en situacións de carácter habitual, sobre asuntos cotiáns ou de interese persoal utilizando fórmulas simples.</p> <p>MEDIACIÓN É quen de facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, así como identificar e reelaborar por escrito a información básica ou complementaria.</p>

<p>Audiovisuais: películas, programas de lecer, telexornais, documentais, material gravado. Textos xornalísticos: noticias, reportaxes. Prospectos.</p> <p><u>V- Sintácticos</u> Repaso xeral dos modos verbais. Uso de conectores temporais do modo indicativo, propios do nivel. Repaso dos tempos simples e compostos. Posición e concordancia dos elementos da oración : colocación dos adverbios nos tempos simples e compostos (déjà, pas encore, ...) Expresións da anterioridade, simultaneidade e posterioridade. O modo.</p> <p>Expresión de cortesía, desexo, recomendación, condición.</p> <p><u>VI- Léxicos</u> Viaxes e transportes: planificación das vacacións e experiencias persoais.</p> <p><u>VII- Fonético-fonolóxico e ortotipográfico.</u> As siglas e abreviaturas de uso frecuente. O recoñecemento e uso das formas ortográficas. O uso especial de maiúsculas e minúsculas.</p>	<p>información xeral sobre unha viaxe.</p> <p><u>Módulo 10.2</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de textos sobre diferentes tipos de actividades turísticas. COMPRESIÓN ORAL Documento audio e vídeo sobre actividades posibles durante as viaxes. Actividades gramaticais (actividades para practicar os tempos simples e compostos e a colocación dos adverbios). Actividades lexicais (tipos de actividades, adxetivos para definir unha viaxe...) PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL Presentación de propostas de viaxe en función do perfil do turista. Sistematizar en actividades de xogo de rol o léxico e as estruturas propias do nivel para preguntar, solicitar, informar, ...sobre unha viaxe. PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA Estratexias para traballar os erros mais frecuentes. Preguntar información detallada dunha viaxe programada.</p> <p><u>Módulo 10.3</u> COMPRESIÓN ESCRITA Lectura de foros sobre vivenzas</p>	<p>funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído. Identifica e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p>	
---	---	---	--

	<p>positivas e negativas de viaxes.</p> <p>COMPRESIÓN ORAL</p> <p>Posts vídeo de viaxeiros.</p> <p>Documento visual sobre a evolución das vacacións en Francia.</p> <p>Actividades gramaticais (identificación e observación de oracións con elementos textuais que marcan anterioridade, posterioridade e siultaneidade).</p> <p>Actividades lexicais (expresións propias das viaxes, características das viaxes, opinións...)</p> <p>Actividades lexicais</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ORAL</p> <p>Estratexias para traballar os erros mais frecuentes.</p> <p>Participación en foro de viaxes para dar a súa opinión e contar as súas vivenzas persoais.</p> <p>PRODUCCIÓN E COPRODUCCIÓN ESCRITA</p> <p>Uso das redes sociais para dar a coñecer sitios e ideas para futura.o.s viaxeira.o..s</p> <p>Postal sonora para contar anécdotas de viaxe.</p>		
<p>Temporalización : 5 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 3 horas en autonomía e 2 en clase presencial)</p>			

<p>Repaso final</p>	<p>Temporalización : 2 sesións de 2 horas. (Modalidade semi-presencial : 2 horas en autonomía e 2 en clase presencial)</p>
---------------------	--

INTERMEDIO B2.1

CURSO	LIBRO DE TEXTO
Intermedio B2.1	<i>Illico 4, méthode de français B2.</i> (2019), Hachette. Livre: ISBN: 978-2-01-513573-1 <i>Illico 4, cahier d'activités B2.</i> (2019) Hachette. Livre: ISBN: 978-2-01-513572-4

PRESENTACIÓN DO CURSO: 1 sesión (presentación do curso, obxectivos, contidos, avaliación de progreso e final, material, aula virtual, ...).

AVALIACIÓN INICIAL: 1 sesión con diferentes tarefas de actividade de lingua (comprensión oral e escrita, produción oral e escrita).

AVALIACIÓN DE PROGRESO: O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización dun simulacro de exame que lle permita coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación unicamente terá valor de orientación para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e serviralle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

A avaliación de progreso farase ao final do primeiro cuadrimestre, entre os meses de decembro e xaneiro, realizando un simulacro de exame de cada actividade de lingua na aula correspondente ás unidades didácticas 1 a 4.

SECUENCIACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS: 58 SESIÓNS EN TOTAL (28 no 1º C, 30 no 2º C)

REPASO FINAL: 4 ou 5 sesións con diferentes tarefas das 5 actividades de lingua para o repaso cara ao exame final.

Primeiro cuadrimestre: unidades 1 a 4.

UNIDADE 1: *Identification personnelle (Illico 4: Dossier 1 Nous nous intéressons aux modes et tendances - leçons 1, 3 et 4)*

Obxectivos específicos:

Comprender textos orais e escritos de temática xeral e de actualidade publicados e transmitidos nos medios de comunicación.

Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas formais ou de traballo e en debates sobre temas coñecidos.

Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos etc.

Tomar notas nun relatorio claramente estruturado, nunha aula ou seminario sobre cuestións de actualidade coñecidas ou sobre temas da súa especialidade.

Describir de xeito preciso e bastante detallado unha persoa, obxecto, servizo ou situación.

Sintetizar e transmitir oralmente a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial e as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles

<p>I.Socioculturais e sociolingüísticos</p> <p>Descubrir un fenómeno de moda.</p> <p>Analizar a relación propia coa aparencia e a moda.</p> <p>Comentar unha práctica social.</p> <p>Analizar unha tendencia.</p> <p>II. Estratéxicos</p> <p>Planificar a propia aprendizaxe establecendo os seus propios obxectivos a curto e a longo prazo.</p> <p>Organizar o material de aprendizaxe cos instrumentos de apoio necesarios (manuais, caderno de aprendizaxe...).</p> <p>Autoavaliar o propio proceso detectando os erros e os logros nas tarefas.</p> <p>III. Funcionais</p> <p>Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.</p> <p>IV. Discursivos</p> <p>Introducir o texto explicativo.</p> <p>Textos audiovisuais, textos escritos da prensa francófona relacionados co tema tratado, obras literarias, cancións</p> <p>V. Sintácticos</p> <p>O participio presente e o adxectivo verbal.</p> <p>Revisión do xerundio.</p> <p>Expresión da oposición e da concesión.</p>	<p>Comprensión de textos orais</p> <p>Actividade de comprensión de documentos sonoros sobre moda e tendencias.</p> <p>Actividade de comprensión dunha reportaxe sobre o "vintage".</p> <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <p>Realización dunha exposición sobre a relación persoal con algunha tendencia.</p> <p>Comprensión de textos escritos</p> <p>Interpretación de infografías e textos sobre tendencias.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos</p> <p>Actividade de introdución ao texto explicativo.</p> <p>Elaboración dun pequeno texto explicativo.</p> <p>Mediación</p> <p>Actividades para sintetizar e transmitir os puntos máis relevantes dun texto sobre tendencias.</p>	<p>Comprensión de textos orais</p> <p>Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo ou relacionado coa experiencia académica ou a actividade profesional, aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fio condutor.</p> <p>Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios: noticias, programas de debate, reportaxes...</p> <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <p>Expresa e intercambia puntos de vista de forma breve, sinxela e eficaz en conversas formais e reunións de traballo, pedindo información se a precisa e ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal, utilizando estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.</p> <p>Fai presentacións breves - sempre que poida preparalas previamente- sobre temas coñecidos ou do seu interese, en lingua estándar, claras e ben estruturadas, respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias, aínda que poida precisar repeticións ou aclaracións.</p> <p>Comprensión de textos escritos</p> <p>Distingue entre feitos, opinións, argumentos, sucosos..., e interpreta o que le identificando con precisión os argumentos dos distintos puntos de vista, os matices de sentido e as posturas</p>	<p>Comprensión de textos orais</p> <p>É capaz de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese, resultándolle difícil comprender todo se non están ben organizadas, e textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <p>É quen, usando unha lingua estándar, un rexistro formal, de xeito sinxelo e brevemente, de expresar puntos de vista e razoamentos.</p> <p>É quen de facer breves presentacións preparadas previamente sobre temas do seu interese, en lingua estándar, claras e estruturadas. É capaz de intercambiar información sobre asuntos cotiáns do seu interese con fórmulas simples.</p> <p>É quen de distinguir o ton e o carácter do texto, interpretando o que le con precisión.</p> <p>Comprensión de textos escritos</p> <p>É quen de identificar a intención de textos sobre acordos, comprender o seu vocabulario e de reaccionar.</p> <p>Mediación</p> <p>É capaz de resumir a información doutros textos de xeito simple.</p> <p>Produción e</p>
---	--	--	--

<p>As conxuncións usadas para expresar unha relación temporal.</p> <p>VI. Léxicos</p> <p>Identificación persoal: títulos e tratamentos, valores persoais, afeccións, modas, tendencias...</p> <p>VII. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos</p> <p>Revisión da relación entre os fonemas [e], [ɛ] e [ə] e os acentos agudo e grave.</p> <p>A entoación para acadar as funcións comunicativas traballadas.</p>		<p>concretas.</p> <p>Comprensión de textos escritos</p> <p>Identifica a intención do texto (solicitar, reclamar, citar...) e comprende vocabulario, expresións e estruturas que comuniquen ofrecementos, prazos, acordos, xustificacións... É quen de reaccionar á vista da información esencial e os detalles relevantes do texto de que se trate.</p> <p>Mediación</p> <p>Resume ou reformula información de diversas fontes e parafrasea pasaxes breves coa intención de transmitir de maneira simple a información orixinal da fonte.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos</p> <p>Toma notas e redacta informes breves e sinxelos en formato convencional, transmitindo información sobre feitos comúns de asuntos de actualidade ou de temas da súa especialidade desenvolvendo argumentos tanto a favor como en contra.</p> <p>Escribe textos descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, relativos a experiencias da vida cotiá, do ámbito académico ou do seu campo profesional.</p>	<p>coprodución de textos escritos</p> <p>É quen de escribir textos narrativos e descritivos coherentes, estruturados e de xeito sinxelo.</p> <p>É capaz de tomar notas e redactar informes breves e sinxelos, informando sobre os feitos e desenvolvendo os aspectos negativos e positivos.</p>
--	--	--	---

Temporalización: 6 sesións de clase.

UNIDADE 2 : *Alimentation et santé (Illico 4 : Dossier 1, Leçon 2 et Dossier 5, Leçon 1 + material de creación propia)*

Obxectivos específicos :

Comprender programas de actualidade, sobre temas de interese xeral e de temática coñecida, transmitidos nos medios de comunicación.

Resolver problemas relativos ao aloxamento, comida ou actividades comerciais, pedir información, expresar agrado ou desagrado co servizo e explicar brevemente un problema.

Interactuar espontaneamente en conversas sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa

especialidade.

Dar opinión e argumentar, aínda que con algunhas limitacións e dificultades, en conversas e debates sobre temas coñecidos

Explicar os síntomas relacionados cunha doenza e pedir información sobre os servizos de saúde e tratamento.

Realizar unha presentación simple e curta sobre un tema coñecido, expoñendo experiencias, feitos, etc.

Sintetizar e transmitir oralmente e por escrito a terceiras persoas o sentido xeral, a información esencial e as opinións e actitudes, recompilados de diversos textos orais ou escritos procedentes de distintas fontes, sempre que os ditos textos estean ben organizados e producidos nalgunha variedade estándar da lingua, aínda que poida ter dificultade coas expresións idiomáticas.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I. Socioculturais e sociolingüísticos</p> <p>O sistema de saúde na francofonía.</p> <p>Entender un diagnóstico simple.</p> <p>II. Estratéxicos</p> <p>Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.</p> <p>III. Funcionais</p> <p>Expresar opinións sobre comportamentos, feitos e situacións.</p> <p>Construír argumentos razoados.</p> <p>Reproducir mensaxes e opinións doutras persoas.</p> <p>Sintetizar unha información.</p> <p>Especular sobre causas e consecuencias.</p> <p>Contrastar alternativas e sopesar vantaxes e desvantaxes.</p> <p>Referir o contido dunha información xornalística.</p> <p>IV. Discursivos</p> <p>Textos audiovisuais, textos escritos da prensa francófona relacionados co tema</p>	<p>Comprensión de textos orais</p> <p>Actividades de comprensión de documentos audiovisuais e textos orais sobre a saúde e a alimentación.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <p>Produción de textos orais sobre o tema da saúde e da alimentación.</p> <p>Comprensión de textos escritos</p> <p>Comprensión de diferentes documentos sobre as novas tendencias na alimentación e cuestións de saúde.</p> <p>Produción e coprodución de textos escritos</p> <p>Elaboración dun texto escrito sobre modos de</p>	<p>Comprensión de textos orais</p> <p>Comprende exposicións públicas de certa complexidade referidas a temas dos que se ten algún coñecemento previo aínda que ás veces lle resulte difícil acadar un bo nivel de comprensión se o discurso non está ben organizado e carece de fío condutor.</p> <p>Comprende textos bastante extensos transmitidos por diferentes medios.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <p>Desenvólvese en transaccións da vida cotiá expresando agrado ou desagrado</p> <p>É capaz de reelaborar información procedente de distintas fontes, de sintetizala e de comunicala de maneira oral.</p> <p>Presenta unha pronunciación e entoación claras e naturais, aínda que o acento estranxeiro sexa perceptible.</p> <p>Exprésase con claridade suficiente e un ritmo bastante uniforme, sen manifestar ostensiblemente que teña que limitar o que quere dicir. Dispón de suficientes recursos</p>	<p>Comprensión de textos orais</p> <p>É capaz de comprender exposicións de certa complexidade do seu interese.</p> <p>Pode comprender textos de extensión media, de boa calidade acústica, ben organizados e claros.</p> <p>Produción e coprodución de textos orais</p> <p>É quen de realizar transaccións cotiás.</p> <p>É capaz de intercambiar información sobre asuntos cotiáns do seu interese con fórmulas simples.</p> <p>É quen de pronunciar e entoar, con acento estranxeiro, de xeito claro e natural.</p> <p>É quen de expresarse de xeito suficientemente claro e a un ritmo bastante uniforme usando suficientes recursos lingüísticos para describir, opinar, e utilizando algunhas estruturas complexas.</p>

<p>Recursos: Textos audiovisuais, textos escritos da prensa francófona relacionados co tema tratado, enquisas, cancións, actividades bimensuais coa auxiliar de conversa...</p> <p>Temporalización: 5 sesións de clase</p>			

UNIDADE 8: ALIMENTACIÓN, SAÚDE, SANIDADE E CIENCIAS

Obxectivos específicos :

Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.

Realizar presentacións extensas, ben estruturadas e detalladas, sobre temas complexos de ámbito público ou profesional, adaptando o discurso con flexibilidade para adecualo ás necesidades e intereses dos e das oíntes.

Comprender practicamente calquera tipo de información pública, instrución, ou disposición que poida interesarlle a un/ha mesmo/a ou a terceiras persoas, incluíndo pormenores.

Escribir, sexa cal sexa o soporte, correspondencia complexa, formal ou persoal, clara, correcta e ben estruturada, xa sexa para solicitar algo, demandar ou ofrecer os seus servizos a clientes/as, superiores ou autoridades, adoptando as convencións de formato e estilo que requiran as circunstancias.

Adaptar de maneira natural o formato, o contido, o estilo e o rexistro aos diferentes contextos de uso, en función das necesidades ou intereses do/a receptor/a, e mostrar unha riqueza na expresión que permita transmitir matices de significado.

Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito unha ampla gama de textos sobre temas relacionados cos campos do seu interese persoal, da súa especialización ou dos ámbitos profesional e académico.

Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I- <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u> Coñecemento e valoración dos sistemas sanitarias públicas, a regulación pública da alimentación e a evolución da intelixencia artificial.</p> <p>II- <u>Estratéxicos</u> Dar, recibir e rebater opinións diversas.</p> <p>III- <u>Funcionais</u> Formular hipóteses acerca dun determinado evento ou suceso presente ou pasado.</p> <p>IV- <u>Discursivos</u> Usar a lingua de forma eficiente e precisa en actos de fala asertivos, relacionados coa expresión do coñecemento, da opinión, da crenza e da conxectura: expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar dúbida e escepticismo, supoñer, predecir...</p> <p>V- <u>Sintácticos</u> Revisión dos modos verbais subxuntivo e indicativo nunha perspectiva comparativa.</p> <p>VI- <u>Léxicos</u> Vocabulario relativo ás recentes tendencias alimentarias, os avances científicos e o sistema sanitario francés.</p> <p>VII- <u>Fonético-fonolóxico e orto tipográfico</u> Orixes gregas e latinas das palabras técnicas no campo da saúde.</p>	<p>Actividade de comprensión oral sobre as tendencias en réximes alimenticios.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre o exceso de consumo de produtos perecedoiros.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre a relación entre a alimentación e a saúde.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre o acceso universal aos coidados.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre a clonaxe terapéutica.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre a e-medicina.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre a entomofaxia e o futuro dos modelos alimentarios.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre as vantaxes dos alimentos biolóxicos.</p> <p>Actividade de expresión escrita sobre a prevención sanitaria.</p> <p>Actividade de expresión escrita sobre a alimentación ética.</p> <p>Actividades de mediación que implican facer transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos: a automedicación, a evolución da bioética, a intelixencia artificial, as innovacións científicas...</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>Comprende textos orais extensos transmitidos por diferentes canles: novas, programas de debate, fragmentos de conferencias.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>Identifica a intención do texto (solicitar, divulgar, citar...) e comprende o vocabulario, expresións e estruturas, reaccionando de xeito adecuado.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.</p> <p>Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de</u></p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>É quen de comprender un discurso extenso procedentes de distintos medios de comunicación.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>É quen de identificar a intención de varios tipos de texto, comprender o léxico e reaccionar axeitadamente.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>É quen de adaptar a fala segundo o contexto social no que se atope dunha forma flexible.</p> <p>É capaz de contra argumentar adecuadamente, intervindo de forma bastante natural.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>É quen de producir textos complexos e extensos, mostrando un elevado dominio dos recursos lingüísticos para expresarse cun nivel alto de precisión e eficiencia.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>É quen de comparar ideas en distintas fontes de información</p>

		<p><u>textos escritos</u></p> <p>Produce textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>Compara e contrasta información de distintas fontes e resume os aspectos máis relevantes.</p> <p>Localiza a información ou segue o fio da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.</p>	<p>e expresar as similitudes e diferenzas entre elas. É capaz de localizar a información ou seguir o fio do discurso en textos que teñan unha estrutura discursiva complexa ou non perfectamente estruturados, e nos que as relacións e conexións se poidan expresar con marcadores implícitos.</p>
<p>Recursos: Textos audiovisuais, textos escritos da prensa francófona relacionados co tema tratado, sondaxes oficiais, actividades bimensuais coa auxiliar de conversa...</p> <p>Temporalización: 5 sesións de clase</p>			

<p>UNIDADE 9: COMERCIO, ECONOMÍA, BENS E SERVIZOS</p> <p>Obxectivos específicos :</p> <p>Comprender información técnica complexa (instrucións de funcionamento, normativas ou especificacións de produtos, servizos ou procedementos).</p> <p>Realizar e xestionar con eficacia operacións e transaccións complexas ante institucións públicas ou privadas de calquera índole, e negociar, con argumentos ben organizados e persuasivos, unha solución aos conflitos que puidesen xurdir.</p> <p>Comprender textos produto da actividade profesional ou académica, por exemplo actas, resumos, conclusións, informes, proxectos, traballos de investigación ou documentos de uso interno ou de difusión pública correspondente a estes ámbitos.</p> <p>Negociar textos de acordos, resolucións, contratos ou comunicados, modificar e corrixir borradores.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles

<p>I- <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u></p> <p>Coñecemento e valoración do espazo que ocupan a política de realoización empresarial e a economía circular nas sociedades francófonas.</p> <p>Coñecemento e valoración do sistema de axuda pública en Francia.</p> <p>II- <u>Estratéxicos</u></p> <p>Elaborar hipóteses sobre situacións futuras.</p> <p>III- <u>Funcionais</u></p> <p>Debater, escrito e oralmente, sobre temas complexos.</p> <p>IV- <u>Discursivos</u></p> <p>Expresarse con grande fluidez e evitar demasiadas vacilacións.</p> <p>V- <u>Sintácticos</u></p> <p>Revisión dos adverbios e locucións adverbiais que introducen unha relación lóxica, ademais da súa colocación nas oracións complexas.</p> <p>VI- <u>Léxicos</u></p> <p>Vocabulario relativo aos sistemas económicos actuais, as distintas formas de comercio e os sectores puxantes.</p> <p>VII- <u>Fonético-fonolóxico e orto tipográfico</u></p> <p>Revisión da prosodia (sílabas e outras secuencias da palabra ou a oración).</p>	<p>Actividade de comprensión oral sobre as desigualdades das riquezas.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre a obsolescencia programada.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre a propiedade intelectual.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre o voluntariado internacional empresarial.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre as vantaxes e desvantaxes do libre comercio e a globalización.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre o estado do benestar.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre o non recurso ás axudas públicas.</p> <p>Actividade de expresión escrita sobre a venta a granel.</p> <p>Actividade de expresión escrita sobre a gratuidade de servizos e bens.</p> <p>Actividades de mediación que implican facer transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos: o dumping, a evolución do comercio en liña, os paraísos fiscais, a globalización, as economías solidarias e o comercio xusto...</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>Comprende o que se pretende comunicar e usa con habilidade as claves contextuais coa fin de inferir na actitude dos e das falantes e sacar as conclusións apropiadas.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>Comprende textos expositivos especializados e artigos de opinión reais sobre temas relacionados coa economía.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>Desenvolve argumentos detallados de xeito sistemático e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos relevantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo dun modo adecuado.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>Produce textos coherentes e cohesionados detallados sobre un tema de actualidade.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>Resume e sintetiza con precisión e exactitude ideas e datos sacados de artigos escritos ou material audiovisual.</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>É quen de comprender o que se pretende comunicar usando con habilidade as claves contextuais para inferir na actitude dos e das falantes e sacar as conclusións axeitadas.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>É quen de comprender textos expositivos detallados e artigos de opinión sobre temas relacionados coa economía.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>É quen de desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, desenvolvendo e concluíndo o seu discurso de forma axeitada.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>É quen de producir textos detallados, con coherencia e cohesión, sobre un tema de actualidade.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>É quen de resumir e sintetizar con exactitude e precisión ideas e datos procedentes de</p>
---	---	--	--

			artigos escritos ou material audiovisual.
<p>Recursos: Textos audiovisuais, podcasts e foros, textos escritos da prensa francófona relacionados co tema tratado, actividades bimensuais coa auxiliar de conversa...</p> <p>Temporalización: 5 sesións de clase</p>			

UNIDADE 10: EDUCACIÓN, RELIXIÓN E FILOSOFÍA			
<p>Obxectivos específicos :</p> <p>Comprender conferencias, charlas, discusións e debates especializados sobre temas complexos de carácter público, profesional ou académico.</p> <p>Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema, adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.</p> <p>Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as remitentes.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito practicamente calquera tipo de texto.</p> <p>Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, como variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p><u>I- Socioculturais e sociolingüísticos</u></p> <p>Coñecemento e valoración do sistema educativo francés.</p> <p>Coñecemento e valoración das formas de ensinar a relixión en distintos países europeos.</p> <p><u>II- Estratéxicos</u></p> <p>Reflexionar sobre o propio progreso na aprendizaxe da lingua estranxeira e a consecución dos obxectivos.</p> <p><u>III- Funcionais</u></p> <p>Expresar a súa opinión sobre un tema de</p>	<p>Actividade de comprensión oral sobre a igualdade de oportunidades.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre a educación en casa.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre os ritmos escolares.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre o modo de ensinar a materia de filosofía.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre o ensino mixto híbrido.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre as ensinanzas da relixión no marco escolar en Europa.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre a formación profesional.</p> <p>Actividade de expresión</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>Aprecia matices como a ironía ou o sarcasmo e saca as conclusións apropiadas do uso que se fai destes.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>Pode valorar a información procedente de distintas fontes e decidir se é ou non relevante para a tarefa en cuestión.</p> <p>Pode localizar información relevante, así como comprender o seu tema, contido e orientación, a partir</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>É quen de percibir matices irónicos ou sarcásticos para logo sacar as conclusións idóneas.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>É quen de destacar a información importante procedente de distintas fontes valorándoa adecuadamente.</p> <p>É quen de buscar, cunha lectura rápida, a información significativa e</p>

<p>actualidade con concisión e énfase. Facer unha descrición oral adaptada a un soporte visual. IV- <u>Discursivos</u> Estruturar o discurso oral e escrito mediante pausas, parágrafos e conectores. V- <u>Sintácticos</u> Uso dos mecanismos de énfase en oracións complexas. VI- <u>Léxicos</u> Vocabulario relativo á relixión e ao sistema educativo. VII- <u>Fonético-fonolóxico e orto tipográfico</u> A variedade de acentos da lingua francesa, en particular o canadense.</p>	<p>oral sobre o ciber acoso no ámbito escolar. Actividade de expresión escrita sobre a obtención de bolsas de estudo no estranxeiro. Actividade de expresión escrita sobre a escola do futuro. Actividades de mediación que implican facer transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos: o bilingüismo, o fracaso escolar, o laicismo, o antisemitismo, a relixión no mundo laboral, o ensino dos idiomas estranxeiros, a inclusión escolar...</p>	<p>dunha lectura rápida do texto. <u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> Formula e expón pensamentos con precisión, pon énfase e elimina posibles ambigüidades no seu discurso. Establece interaccións coa persoa destinataria con total naturalidade, flexibilidade e eficacia. <u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u> Utiliza con grande consistencia un léxico preciso e axeitado, coa fin de enriquecer e precisar o que quere dicir, e transmite matices sutís de significado. Selecciona con rapidez e aplica con eficiencia os recursos lingüísticos máis convenientes para o propósito comunicativo, en función dos/as destinatarios/as e o contexto. <u>Actividades de mediación</u> Xestiona con naturalidade e espontaneidade a interacción entre as partes para axilizar a comunicación, procurando expresar con claridade as posturas e a desfacer eventuais malentendidos, volvendo, sempre que sexa preciso, sobre os aspectos importantes, achegándose a outros temas ou recapitulando para organizar a discusión.</p>	<p>entender de que e como se trata. <u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> É quen de expresar o que pensa con claridade e concisión sen ambigüidades. É quen de relacionarse coa persoa destinataria con naturalidade, flexibilidade e eficacia. <u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u> É quen de empregar o vocabulario con corrección, precisión e consistencia para transmitir variacións sutís de significado. É quen de elixir, con certa rapidez e eficacia, os recursos lingüísticos axeitados para adaptarse ao/á persoa destinataria, ao propósito e o contexto. <u>Actividades de mediación</u> É quen de xestionar con naturalidade e espontaneidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer posibles malentendidos, volvendo, chegado o caso, sobre os aspectos importantes, achegándose a outros temas ou</p>
---	--	---	---

			recapitulando para organizar a discusión.
<p>Recursos: Textos audiovisuais, textos escritos da prensa francófona relacionados co tema tratado, cancións, informes públicos, actividades bimensuais coa auxiliar de conversa...</p> <p>Temporalización: 5 sesións de clase</p>			

<p>UNIDADE 11: ARTES E CULTURA, LECER E VIAXES</p> <p>Obxectivos específicos :</p> <p>Comprender interaccións complexas, detalles de conversacións ou debates animados entre terceiras persoas sobre temas complexos.</p> <p>Pronunciar relatorios sobre temas e asuntos académicos complexos ante un público que non coñece o tema, adaptándose ao auditorio e respondendo ás preguntas ou intervencións que se formulen.</p> <p>Comprender correspondencia persoal e formal de carácter público, institucional, académico ou profesional, incluída aquela sobre asuntos especializados ou legais, identificando as actitudes, os niveis de formalidade e as posturas implícitas dos/as remitentes.</p> <p>Mediar entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas para trasladar oralmente ou por escrito practicamente calquera tipo de texto.</p> <p>Recoñecer significados implícitos complexos, en textos orais ou escritos, e apreciar diferenzas de estilo no léxico, na pronuncia ou na escritura, tal e como variantes lingüísticas, linguaxe literaria ou léxico especializado.</p>			
Competencias e contidos	Actividades	Criterios de avaliación	Mínimos esixibles
<p>I- <u>Socioculturais e sociolingüísticos</u></p> <p>Coñecemento e valoración das técnicas artísticas actuais e pasadas.</p> <p>Coñecemento e valoración das políticas da industria turística en Francia.</p> <p>II- <u>Estratéxicos</u></p> <p>Traballar de forma cooperativa en grupos de dous, tres ou catro achegando e compartindo información e coñecementos.</p> <p>III- <u>Funcionais</u></p> <p>Describir e pór de</p>	<p>Actividade de comprensión oral sobre o turismo estético.</p> <p>Actividade de comprensión oral sobre o pirateo de bens culturais en Internet.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre o turismo humanitario e solidario.</p> <p>Actividade de comprensión escrita sobre os beneficios da música e a poesía.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre a presenza das plataformas SVOD na industria cinematográfica.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre as novas tendencias en aloxamentos turísticos.</p> <p>Actividade de expresión oral sobre o turismo sostible.</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>Comprende o que se pretende comunicar e usa con habilidade as claves contextuais coa fin de inferir na actitude dos/das falantes e sacar as conclusións pertinentes e axeitadas.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>Recoñece recursos estilísticos, como a metáfora, e pode xulgar e valorar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.</p> <p>Identifica xogos de</p>	<p><u>Actividades de comprensión de textos orais</u></p> <p>É quen de comprender o que se pretende comunicar e usa con habilidade as claves contextuais coa fin de inferir na actitude dos/das falantes e sacar as conclusións pertinentes e apropiadas.</p> <p><u>Actividades de comprensión de textos escritos</u></p> <p>É quen de percibir determinados recursos estilísticos e valorar a función destes no texto e no contexto.</p>

<p>relevancia distintas posturas sacadas de textos escritos e orais. Expresar unha opinión crítica sobre temas de interese.</p> <p>IV- <u>Discursivos</u> Facer un uso adecuado dos estilos formal e informal nas intervencións orais e producións escritas.</p> <p>V- <u>Sintácticos</u> Revisión das variacións na disposición dos distintos constituintes oracionais.</p> <p>VI- <u>Léxicos</u> Vocabulario relativo ás formas actuais de viaxar. Vocabulario relativo á industria do lecer e ás artes máis populares.</p> <p>VII- <u>Fonético-fonolóxico e ortotipográfico</u> Revisión dos procesos propios da lingua que presentan máis dificultade na pronuncia.</p>	<p>Actividade de expresión escrita sobre o futuro das guías turísticas.</p> <p>Actividade de expresión escrita sobre o papel da cultura na sociedade.</p> <p>Actividades de mediación que implican facer transaccións, xestións e operacións, nas que se debe negociar a solución de conflitos, identificar as posturas, desenvolver argumentos: o couchsurfing, o bleisure, as producións artísticas e a especulación, os novos conceptos hostaleiros, a evolución dos destinos turísticos na pospandemia...</p>	<p>palabras e figuras estilísticas e pode xulgar a súa función dentro do texto e con respecto ao contexto.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>Pode tomar a palabra, mantela e cedela de forma natural e espontánea.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>Realiza narracións pormenorizadas cun estilo apropiado sobre temas complexos, integrando subtemas, desenvolvendo aspectos concretos e rematando cunha conclusión axeitada. Fai un uso case perfecto das convencións ortotipográficas propias da lingua, tanto de carácter xeral como máis específico, para producir textos escritos exentos de erros de ortografía, formato, estrutura, distribución en parágrafos e puntuación.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>Selecciona e explica información relevante dun gráfico complexo. Adapta a súa produción tanto oral como escrita ao/á seu/súa interlocutor/a e á función comunicativa do contexto.</p>	<p>É quen de recoñecer xogos de palabras e elementos de estilo e valorar a función deles no texto e no contexto.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u></p> <p>É quen de usar e respectar as quendas de palabra de xeito natural e espontáneo.</p> <p><u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u></p> <p>É quen de producir narracións detalladas cun estilo preciso e convincente sobre temas complexos, ademais de integrar subtemas, desenvolver aspectos precisos e acabar cunha conclusión apropiada.</p> <p>É quen de usar axeitadamente as convencións ortotipográficas, tanto xerais como específicas, para redactar textos sen erros ortográficos nin estruturais, apenas con algún descoido.</p> <p><u>Actividades de mediación</u></p> <p>É quen de seleccionar e explicar información relevante dun gráfico. É quen de adaptar a súa produción oral e escrita ao/à seu/súa interlocutor/a e ao contexto.</p>
<p>Recursos: Textos audiovisuais, textos escritos da prensa francófona relacionados co tema tratado, obras artísticas, actividades bimensuais coa auxiliar de conversa...</p>			

5. AVALIACIÓN

5.1. NATUREZA DA AVALIACIÓN

As probas de avaliación serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha das destrezas lingüísticas, sen prexuízo do seu tratamento global no proceso de ensino aprendizaxe. O alumnado será avaliado tomando como referencia os obxectivos, as competencias comunicativas e os criterios de avaliación establecidos no currículo e na presente programación.

5.2. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

5.2.1. AVALIACIÓN INICIAL

Esta forma de avaliación aplícase ao comezo de cada curso e determina o nivel de competencia do alumno con respecto ao nivel previsto ao comezo do devandito curso e con respecto ao grupo. Mediante a avaliación inicial, o profesorado obtén unha visión de conxunto para cada grupo e unha información precisa dos puntos fortes e débiles deste e dos distintos individuos que o forman. Isto permítelle planificar e organizar o desenvolvemento do curso de forma que poida dar unha mellor resposta ás necesidades do alumnado, á vez que serve como unha primeira autoavaliación para que o alumnado tome conciencia do nivel dos seus coñecementos e das necesidades da súa aprendizaxe.

En función dos resultados das avaliacións finais e das necesidades detectadas na avaliación inicial, reforzaranse, ben grupalmente, ben individualmente, aquelas áreas e aprendizaxes nas que se observen carencias e necesidades.

Tamén se terá en conta o coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional para identificar as súas dificultades e as súas necesidades de atención educativa.

5.2.2. AVALIACIÓN FORMATIVA

A avaliación formativa (a partir de agora AF) é unha ferramenta PARA a aprendizaxe. Trátase dun proceso que se desenvolve ao longo de toda a instrución na aula, tanto na ensinanza como na aprendizaxe, co único obxectivo de mellorar e optimizar o proceso educativo. É importante lembrar que a AF difire da avaliación sumativa, unha avaliación DA aprendizaxe que mide os obxectivos acadados e que emprega puntuacións e baremos numéricos ao final do curso nas probas terminais de promoción e de certificación.

Neste sentido, a AF require unha constante reflexión sobre tres cuestións clave:

1. Cara onde vou? Cales son os obxectivos de aprendizaxe que se están a traballar?
2. Onde estou? Cal é o progreso actual do alumnado respecto a eses obxectivos?
3. Como chego? Cales son os pasos que debería dar o alumnado para achegarse aos obxectivos desexados e superar a fenda entre eles e o seu progreso real?

Os axentes da AF son tanto o profesorado como o alumnado e os seus compañeiros de clase. Todos eles deben realizar actividades de reflexión, comprensión, e avaliación para obter a información que lles permita facer axustes constantes na docencia e na aprendizaxe, coa finalidade de acadar os obxectivos de aprendizaxe.

Empregaranse un abano de técnicas e estratexias, segundo o contexto da aula e as necesidades do alumnado. Entre elas, destácanse as seguintes:

- Técnicas (tradicionais e dixitais) para comprobar a comprensión

- Técnicas (tradicionais e dixitais) para proporcionar feedback/retroalimentación
- A autoavaliación
- A avaliación entre pares (coavaliación)
- Análise e avaliación de textos modelo, escritos e orais, para comprender os criterios de calidade esixidos.

A continuación preséntase un gráfico co resumo das principais estratexias da AF segundo os axentes implicados (tomado de Leahy et. al, 2005):

	Cara onde vou?	Onde estou?	Como chego?
DOCENTE	Aclarar, compartir e comprender os obxectivos de aprendizaxe	Obter evidencias de aprendizaxe	Proporcionar feedback que permita avanzar na aprendizaxe
COMPAÑEIR@		Activar o alumnado como recurso mutuo de aprendizaxe	
APRENDIZ		Facer de cada alumno o responsable da súa propia aprendizaxe	

De acordo cos principios da AF, é moi importante que o alumnado participe nas actividades de autoavaliación e coavaliación e, por tanto, o profesorado non avaliará todos os seus produtos de aprendizaxe. Os avaliadores, sexan alumnado ou profesorado, empregarán unha variedade de instrumentos de AF, orais e escritos, tales como listas de verificación, rúbricas, cadros de comentarios, símbolos de corrección, así como feedback/retroalimentación sobre producións en audio e en vídeo.

Para máis información sobre a AF recoméndase consultar [esta presentación interactiva](#) e esclarecer calquera dúbida co profesorado.

5.2.3. AVALIACIÓN DE PROGRESO

O profesorado levará a cabo a avaliación de progreso mediante a realización de tarefas, actividades ou probas que lle permitan coñecer o progreso do seu alumnado en cada unha das cinco actividades de lingua. Esta avaliación terá unicamente valor orientativo para o alumnado sobre o seu aproveitamento académico, e servirlle ao profesorado para coñecer o grao de cumprimento no desenvolvemento da programación didáctica.

No departamento de francés realizaranse tarefas que se asemellen á proba final, tanto na súa forma como na duración. Só nalgúns niveis en que o conxunto de profesores do nivel así o considere, poderase realizar unha versión reducida da proba que non conteña tantas tarefas como a proba final.

5.2.4. PROBA FINAL DE PROMOCIÓN E DIRECTRICES PARA A SÚA ELABORACIÓN

As probas finais de promoción terán carácter unificado e serán elaboradas polos profesores e profesoras que impartan o nivel correspondente, agás no caso de niveis que soamente imparte un docente no que se farán equipos de traballo de varios profesores/profesoras.

A proba final de promoción terá lugar nos meses de maio-xuño en convocatoria ordinaria. Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba final de promoción que se realizará no mes de xuño, na que o alumnado só terá que examinarse das partes non superadas na convocatoria ordinaria.

As probas administraranse e avaliaranse polo profesor ou profesora titular do grupo e nivel e, na súa ausencia polo profesor/a substituto/a, que será informado/a previamente do procedemento a seguir. O departamento de francés realizará unha dobre corrección das partes de produción e coprodución de textos orais, produción e coprodución de textos escritos e mediación da proba final de promoción.

Todas as probas estarán elaboradas con suficiente antelación para que podan ser revisadas e aprobadas polo departamento.

5.2.5. PROBAS TERMINAIS ESPECÍFICAS DE CERTIFICACIÓN

O alumnado matriculado nos cursos terminais de nivel realizará a finais do mes de maio ou durante o mes de xuño a proba terminal de certificación do nivel correspondente. Estas probas terminais específicas de certificación serán comúns para todas as modalidades e réximes de ensinanza en cada escola e permitirán o acceso directo ás ensinanzas do nivel inmediatamente superior, e o nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalían nestas probas estableceranse en referencia aos obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos de cada idioma.

As probas correspondentes ao nivel básico A2 e intermedio B1 serán elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos seguindo as pautas establecidas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade na guía de elaboración do nivel correspondente.

As probas correspondentes aos niveis intermedio B2 e avanzado C1 e C2 serán deseñadas, a partir de tarefas redactadas polos departamentos didácticos das distintas escolas, por unha comisión de validación que a Dirección Xeral de Formación Profesional e Innovación Educativa designará para tal efecto.

A administración, avaliación e cualificación das probas será responsabilidade dos departamentos didácticos.

As guías informativas das probas de certificación de cada nivel poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org.

Estrutura e contido

As probas correspondentes ao nivel básico A2 estruturaránse en catro partes: comprensión de textos orais; produción, coprodución e mediación oral; comprensión de textos escritos; e produción, coprodución e mediación escrita.

As probas correspondentes aos niveis intermedio e avanzado (B1, B2, C1 e C2) estruturaránse en cinco partes: comprensión de textos orais; produción e coprodución de textos orais; comprensión de textos escritos; produción e coprodución de textos escritos; e mediación.

O alumnado examínase de todas as partes da proba e ningunha delas será considerada eliminatoria para a realización do resto delas.

As probas correspondentes á comprensión de textos orais e comprensión de textos escritos basearíanse en textos auténticos ou adaptados extraídos das diferentes fontes de comunicación oral ou escrita. A tipoloxía das tarefas deberá ser a apropiada para avaliar tanto a comprensión global como a comprensión de aspectos máis particulares de cada un dos textos.

No nivel A2, na proba de produción, coprodución e mediación escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción, coprodución e mediación oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes.

A cualificación da coprodución e mediación escrita e produción, coprodución e mediación oral das probas será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Nos niveis B1, B2, C1 e C2, na proba de produción e coprodución escrita, o alumnado deberá producir textos de diferente tipoloxía e rexistro. A proba de produción e coprodución oral constará das tarefas necesarias para avaliar tanto o logro da comunicación proposta como a corrección e adecuación fonética e lingüística no uso da lingua, e comprenderá cando menos monólogo sostido e interacción co profesor ou outros aspirantes. A proba de mediación constará de dúas tarefas, unha para avaliar a mediación oral e outra para avaliar a mediación escrita. A tarefa de mediación oral e as tarefas de produción e coprodución de textos orais combinaríanse nunha única proba; do mesmo xeito, a tarefa de mediación escrita combinaríase coas tarefas de produción e coprodución escrita.

A cualificación da produción e coprodución de textos orais; produción e coprodución de textos escritos, e mediación, será realizada por, polo menos, dous membros do departamento correspondente.

Puntuación e cualificación

A puntuación total da proba terminal de certificación do nivel A2 será de 100 puntos. Cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 15 puntos en cada unha das catro partes nas que se estrutura a proba.

A puntuación total da proba terminal de certificación para os niveis B1, B2, C1 e C2 será de 125 puntos. Cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba terá un valor de 25 puntos. A cualificación será positiva cando se acaden, polo menos, 12,5 puntos en cada unha das cinco partes nas que se estrutura a proba e se obteña unha puntuación mínima do 65% no total da proba. O alumnado que non acade o mínimo do 65% da puntuación total da proba na convocatoria ordinaria, ademais de examinarse das actividades de lingua nas que non obtivera 12,5 puntos, poderá examinarse tamén daquelas actividades nas que non acadara a puntuación mínima do 65%. Neste caso, se a cualificación obtida na convocatoria ordinaria é superior á que se obteña na extraordinaria, manterase a cualificación máis alta para o cálculo da nota final.

En todos os cursos e niveis, a cualificación outorgada ao alumnado será de apto, non apto ou non presentado, segundo corresponda.

Haberá unha convocatoria extraordinaria da proba de certificación que se realizará no mes xuño na que o alumnado só terá que examinarse das actividades de lingua non superadas na convocatoria ordinaria. De non obter a cualificación de apto en todas as partes da proba na convocatoria extraordinaria, o alumnado oficial deberá repetir curso e ser avaliado de novo de todas as partes da proba.

O alumnado que non obteña a cualificación de apto nas probas terminais de certificación dos diferentes niveis poderá solicitar unha certificación académica na que se faga constar, con mención de todas as partes que conforman a proba, que acadou o grao de dominio requirido nas actividades de lingua que avalíen as partes superadas.

5.2.6. AUTOAVALUACIÓN

Nestes tempos nos que tanto se fala de calidade na educación non debemos perder de vista que, nunha sociedade democrática e plural, un ensino de calidade debe ser sinónimo de atender os diferentes ritmos de estudo e de aprendizaxe do alumnado.

Unha das estratexias que pode contribuír a afrontar a diversidade do alumnado na aula é ensinarlle a que avalíen a súa propia aprendizaxe. A autoavaliación pode e debe ser un instrumento que facilite atender, respectar e valorar os distintos ritmos de aprendizaxe segundo as diferentes características do alumnado: capacidades, estilos de aprendizaxe, estratexias cognitivas, experiencias e coñecementos previos, motivación, atención, axuste emocional e social, etc.

A autoavaliación é a estratexia por excelencia para educar na responsabilidade e para aprender a valorar, criticar e a reflexionar sobre o proceso de ensino e aprendizaxe individual realizado polo alumnado.

Principalmente, dos beneficios que presenta a realización dunha auténtica autoavaliación, destacan os seguintes:

- a) É un dos medios para que o alumnado coñeza e tome conciencia de cal é o seu progreso individual no proceso de ensino e aprendizaxe.
- b) Axuda o alumnado a responsabilizarse das súas actividades, á vez que desenvolven a capacidade de autogoberno.
- c) É un factor básico de motivación e reforzo da aprendizaxe.
- d) É unha estratexia que lle permite á/ao docente coñecer cal é a valoración que o alumnado fai da aprendizaxe, dos contidos que se traballan na aula, da metodoloxía empregada...

e) É unha actividade de aprendizaxe que axuda a reflectir individualmente sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.

f) É unha estratexia que pode substituír outras formas de avaliación. Para atender a diversidade é necesario utilizar diferentes instrumentos avaliativos para tratar de valorar a progresión das capacidades de cada alumno/a. A autoavaliación pode ser unha estratexia máis nese proceso de valoración.

g) É unha actividade que axuda a profundar nun maior autoconecemento e comprensión do proceso realizado.

h) É unha estratexia que posibilita a autonomía e autodirección do alumnado.

De todas as razóns anteriormente expostas non cabe ningunha dúbida de que a autoavaliación do alumnado pode e debe ser empregada como estratexia para afrontar a diversidade de intereses, necesidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

a) A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado.

b) A aprendizaxe lograda polo alumnado.

c) As medidas de individualización do ensino.

d) O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)

e) A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares.

f) As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, medolóxica...)

g) A coordinación co resto do profesorado.

Pautas de intervención para afrontar a diversidade a través da autoavaliación do alumnado.

A continuación presentamos unha listaxe de técnicas que o profesorado poderá utilizar para facer realidade os procesos de autoavaliación como estratexia de aprendizaxe para atender a diversidade.

a) O bloc de autoavaliación: Actividade na que a/o estudante evidencia os esforzos realizados, a valoración do traballo conseguido (que sabía?, como aprendín?, que sei agora?), en relación aos contidos tanto do ámbito conceptual, procedimental e actitudinal, cales foron as mellores ideas, os logros conseguidos nos distintos ámbitos do coñecemento...

Véxase a continuación un posible modelo que se aplicará:

TÍTULO DA UNIDADE	
Obxectivos	Especificaranse os obxectivos da unidade
Actividades	Cada alumna/o ten que facer unha reflexión sobre as actividades que se levaron a cabo na clase para acadar os obxectivos e listalos aquí.
Conseguino? (Escala 1-5)	O profesor/a decidirá se utilizar unha autoavaliación ou coavaliación (despois dun intercambio de impresións entre pares), alternando as dúas metodoloxías en diferentes unidades.
Que máis podo facer para consolidar/repasar?	Caderno de exercicios, actividades online, fotocopias, actividades, etc. (O profesor/a recomenda recursos para consolidar e repasar a

b) Ferramentas de autorreflexión elaboradas pola/o docente: Actividades que a/o docente diseña co obxecto de avaliar e comprender como o alumnado vai conseguindo os obxectivos: elaboración de cuestionarios, listas de control, escalas de estimación, protocolos, adaptación das rúbricas para a **avaliación das actividades de produción...** Estas ferramentas servirán para recoller as informacións relevantes sobre o proceso de ensino e aprendizaxe realizado.

c) O portafolio como instrumento para a avaliación formativa do estudantado.
O portafolio é unha colección de traballos, actividades, etc. que a/o alumna/o realizou durante un curso. Pero quizais o máis importante desta selección de actividades radique en que estará composto polas actividades que lle permitiron a posibilidade de valorarse máis a si mesmos, como de sentirse máis seguros de si mesmos.

A colección de traballos poderán ser do seguinte tipo: mapas conceptuais dos temas; cuestións ou actividades de diferentes niveis de complexidade de cada un dos temas formulados pola/o docente; resolución de casos prácticos.

A autoavaliación da/o docente.

O profesor e o departamento deben facer unha autoavaliación sobre os resultados obtidos tralas diferentes probas feitas ao alumnado. No caso de ter un elevado índice de suspensos, 50% ou superior, cada docente deberá reflexionar sobre a idoneidade da proba e suscitarse unha serie de preguntas:

- Que parte do alto índice de suspensos é responsabilidade do propio profesor?
- Axustouse a proba ao traballado e visto durante semanas no aula?
- Que mecanismos debo activar para evitar futuros resultados similares?
- Axústase a programación ao nivel?
- As actividades no aula ao longo do curso foron as adecuadas?
- Que podo facer para, nunha nova convocatoria, mellorar os resultados?

Esta autoavaliación debe ser parte de cada reunión de departamento posterior ás diferentes probas. Nela débense valorar tanto os resultados individuais como colectivos do departamento e suscitarse a posibilidade de establecer uns criterios de mellora común. Estes criterios poden incidir en mellorar as coordinacións de elaboración de probas, as pilotaxes internas das probas e unha avaliación crítica de cada docente sobre o seu traballo.

Ao finalizar o curso e, como parte da memoria do curso, farase un estudo estatístico dos resultados obtidos, que posteriormente se tratarán na reunión de departamento para a súa análise, fixar medidas correctoras de ser necesarias e transmitir finalmente os resultados ao claustro.

5.3. CONVOCATORIA DAS PROBAS

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos para cada un deles pola lexislación vixente. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime oficial, pero poderá inscribirse para realizar as probas terminais de certificación polo réxime libre.

5.4. ASISTENCIA

Durante este curso 2024/25, a asistencia ás aulas presenciais será controlada no momento de cada sesión na aplicación Centros-Net.

5.5. SESIÓNS DE ESTADARIZACIÓN: DIRECTRICES E PROTOCOLO DE ANÁLISE DE RESULTADOS E CONCLUSIÓN

Para garantir a fiabilidade das certificacións das escolas oficiais de idiomas, a Resolución do 17 de decembro de 2014 establece que o profesorado deberá participar en sesións de estandarización para a

corrección destas probas. Estas sesións dedicaranse á estandarización dos criterios de avaliación da proba de produción, coprodución e mediación de textos orais e da proba de produción, coprodución e mediación de textos escritos dos niveis que certifique o departamento. Estas sesións leváranse a cabo preferiblemente antes da administración das probas de certificación.

Para levar a cabo as sesións, a xefatura de departamento ou a persoa coordinadora das probas de certificación seleccionará mostras de probas de expresión oral e escrita feitas por candidatos dos distintos niveis da convocatoria anterior. Estas mostras repartiranse entre o profesorado do departamento, que deberá avalialas de forma individual, utilizando as ferramentas propias das probas de certificación (baremos, guías de administración, criterios de avaliación, MECR, etc.). O profesorado fará unha posta en común dos seus resultados, ben reunido como departamento, ou ben en grupos pequenos, co obxectivo de chegar a un entendemento común dos descritores dos baremos de avaliación. Se hai desacordo nas notas outorgadas, o profesorado deberá chegar a un consenso a través do debate, sempre apoiado nos criterios de avaliación do nivel. Este proceso levará a que o profesorado chegue a unha comprensión máis profunda das características da produción oral e escrita dos candidatos en cada un destes niveis, e tamén resultará nun maior grao de fiabilidade na avaliación das probas de expresión.

5.6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para as probas terminais de certificación dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado utilizaranse os baremos incluídos na Guía da Administración das Probas de Certificación dos correspondentes niveis.

Para a avaliación de progreso e promoción dos niveis Básico, Intermedio e Avanzado o Departamento de Francés tamén utilizará os baremos correspondentes das probas de certificación.

Estas táboas de baremación poderanse consultar na páxina web da escola, www.eoisantiago.org.

6. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

Os principios e enfoques metodolóxicos nos procesos de ensino-aprendizaxe do idioma serán os que se recollen no artigo 7 do *Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia*:

Artigo 7. Principios metodolóxicos

1. As ensinanzas de idiomas estarán orientadas ao desenvolvemento das distintas actividades de lingua, polo tanto deberase abordar o ensino do idioma desde unha perspectiva de uso. Para iso, deberase concibir a aula como un espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe e poida levar a cabo as actividades de comprensión, produción e mediación propias de cada nivel. Nestas situacións procurarase activamente a erradicación de calquera tipo de acción ou comportamento que implique unha linguaxe sexista, o cuestionamento de estereotipos de xénero desigualitarios ou calquera outro que puidese considerarse discriminatorio por orixe, raza ou condición.
2. Os enfoques metodolóxicos estarán orientados á acción e crearán contextos de aprendizaxe que, por unha parte, axuden a cada estudante a atopar as súas propias estratexias de aprendizaxe e que, por outra banda, fomenten a autonomía do alumnado para que poida aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación, tanto na aula coma fóra dela.

A metodoloxía empregada ten como base un modelo de ensinanza comunicativo (cunha base fundamentalmente práctica, cuxa finalidade é o uso do idioma) e orientado á acción, que se centra non só nas competencias lingüísticas, senón en todas as capacidades que o individuo debe utilizar para se integrar eficazmente na comunidade da lingua que está estudar. Parte dunha idea do alumno como usuario da lingua.

Este enfoque ten como centro a realización de tarefas: na sociedade levamos a cabo tarefas (escribimos cartas, realizamos conversas, compramos billetes de avión, solicitamos información en ámbitos da nosa vida profesional, pública ou persoal, expresamos dúbidas respecto de opinións ou proxectos familiares ou profesionais...), e isto é o que debe aprender a facer o alumnado.

Unha tarefa é calquera iniciativa para a aprendizaxe que implique a realización na aula de actividades de uso da lingua representativas das que se poden levar a cabo fóra dela, que estea estruturada pedagoxicamente, que estea aberta á intervención activa e ás achegas persoais dos que a executan, que requira deles unha atención prioritaria ao contido das mensaxes e que lles facilite ocasión e momentos de atención á forma lingüística.

Estas tarefas deseñaranse tomando como base os obxectivos definidos no currículo e nesta programación, pero tendo tamén en conta as necesidades reais e intereses e contextos de uso do alumnado.

A miúdo na aula existirá un perfil competencial desigual, e motivacións e intereses diversos e deberemos adaptar a metodoloxía para que todo o mundo acade os obxectivos correspondentes ao nivel e por outra parte reciba resposta ás súas necesidades e intereses.

Os principios metodolóxicos en que se baseará o proceso de ensino-aprendizaxe serán os seguintes:

- A realización de tarefas e a recreación na aula de situacións que simulen as actividades comunicativas reais consideradas en cada nivel do currículo.
- A aprendizaxe centrada no alumno e nas súas necesidades. Este principio favorece a implicación deste na aprendizaxe, que se pode lograr: téndoo en conta á hora de deseñar as tarefas (traballando con materiais que respondan aos seus intereses, mesmo propostos por el); tendo en consideración os diferentes estilos de aprendizaxe (e, xa que non é posible dar resposta a cada un deles por separado, polo menos axustar a nosa axuda ás características xerais do grupo); identificando os seus coñecementos previos para actualalos antes de realizar unha tarefa; e desenvolvendo a súa capacidade de autoavaliación. Deste xeito, propoñendo tarefas e utilizando recursos e materiais de aprendizaxe que respondan aos seus intereses e aos seus futuros contextos de uso, lograremos maior motivación.
- O fomento de actitudes como o plurilingüismo e o multiculturalismo, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua obxecto de estudo. Deben aproveitarse os coñecementos doutras linguas para mellorar a competencia na lingua que se está a aprender, salientando as similitudes e diverxencias. Por exemplo, a un alumno galegofalante seralle de axuda para a aprendizaxe do francés saber que o xénero de moitas palabras en francés coinciden co galego (e non co castelán); ou a un alumno lusófono seralle de axuda saber que as vocais nasais das dúas linguas (francés e portugués) son moi parecidas.
- A variación das formas de socialización e da organización tradicional da aula. Unha aula con mesas orientadas cara ao profesor non favorece a realización de actividades de comunicación; é preferible optar por exemplo por un deseño en U, ou distribuír as mesas en varios grupos. O deseño en U garante a cohesión, a interacción e a motivación de cara á aprendizaxe significativa e fai que o profesor non teña un lugar predominante que estableza barreiras físicas e psíquicas e pase a ser un presentador, informador, guía e avaliador das diferentes actividades. Ademais, hai que ter en conta outros espazos de socialización e aprendizaxe distintos da aula, dentro da escola (salón de actos e aula de informática, laboratorio, sala de estudo/lectura...) e fóra dela (a través de excursións, intercambios, viaxes, espectáculos...).
- O estímulo da capacidade de aprender a aprender e o fomento da autonomía na aprendizaxe, da autoaprendizaxe e das condicións que permiten o seu desenvolvemento para aprender ao longo da vida.
- O fomento na clase dunha dinámica que favoreza a interacción comunicativa (entre os alumnos e co profesor), creando un clima de axuda mutua, cordialidade, empatía, respecto e interese, de confianza e motivación dentro e fóra da aula.
- A atención á diversidade, tanto de intereses como de coñecementos, capacidades e ritmos de aprendizaxe, mediante recursos metodolóxicos que teñan en conta estas diferenzas, e que será obxecto do apartado seguinte na programación.

- A concepción da aula como un espazo social e de aprendizaxe, e da clase como un acontecemento comunicativo en que se produce lingua nun contexto social real.
- A reflexión do docente (individualmente e en colaboración co alumnado) sobre o proceso de ensino-aprendizaxe para obter conclusións e poder aplicar de xeito eficaz o enfoque metodolóxico adoptado, así como para poder proporcionarlle ao alumnado indicacións sobre o propio control e sobre as estratexias de aprendizaxe máis axeitadas.

Daquela, debemos dedicar momentos da aprendizaxe:

- á análise do proceso de aprendizaxe –que erros se cometen e por que, que se sabe facer respecto da tarefa proposta e que se necesita aprender para abordala con éxito e corrección lingüística-; a realización de enquisas sobre este.
- á identificación dos coñecementos doutras linguas (lingüísticos, textuais, sociolingüísticos e culturais de uso) que poden axudar a aprender esta.
- á referencia a recursos que favorezan autonomía do aprendiz e a autoaprendizaxe. Por exemplo, as TIC, o Portfolio, etc.
- ás estratexias de comunicación (planificación, execución, control e reparación) requiridas para levar a cabo as actividades comunicativas.

Os contidos introducíranse en función das necesidades do proceso de aprendizaxe da lingua como instrumento de comunicación. Aínda que estes aparezan no currículo e na programación separadamente, non se trata de velos na aula de forma illada, senón integrados no marco dunha tarefa e en función das necesidades lingüísticas para levala a cabo. A progresión gramatical é, consecuentemente, gradual e concéntrica.

A avaliación será sempre coherente cos obxectivos e contidos da programación. Debemos optar por unha avaliación distinta da tradicional, que se baseaba fundamentalmente na corrección dos erros. Estes son proba da vontade que ten o alumno de comunicarse a pesar de equivocarse, e son produto inevitábel e pasaxeiro da interlingua que desenvolve. Débense corrixir se interfíren na comunicación (e a posteriori, unha vez realizada a tarefa ou proba, cando non afecte o desenvolvemento desta). Por tanto, a corrección é un aspecto máis da avaliación (máis importante conforme o nivel é máis alto), a carón da riqueza, a cohesión, a coherencia e a adecuación.

É conveniente que o alumnado realice tarefas tamén fóra da aula. O profesorado debe revisar tanto estas como as realizadas na aula e entregarllas ao alumno con notas aclaratorias ou comentalas na aula de forma non personalizada.

Evitarase na medida do posíbel o uso de metalinguaxe gramatical na práctica diaria e sobre todo na avaliación. O obxectivo é que o alumno aprenda a comunicarse en francés, non que saiba o que é un antepretérito.

O traballo en parellas ou de grupo será o preferente, por romper a limitada estrutura de interacción profesor-alumno e permitir que os alumnos falen máis tempo e de forma máis auténtica. Así mesmo, as clases organizaranse de modo que se favoreza a comunicación entre os alumnos.

Os textos escritos e orais que se utilicen deberán ser auténticos dentro do posible (material audiovisual como música, curtametraxes e longametraxes, documentais, material radiofónico ou da TV, fotos, cómics, artigos de xornal e revista, blogs, audioblogs, podcasts, etc.). Por outra parte, ao procurar que a aprendizaxe se faga tamén a través de textos de diverso tipo (literarios, xornalísticos, etc.,), a adquisición de coñecementos terá un carácter menos mecanizado.

Para procurar o dinamismo na clase e evitar a monotona é conveniente alternar as tarefas relativas ás diferentes destrezas (de expresión oral e escrita e de comprensión oral e escrita). Daráselles preferencia ás actividades de tipo práctico e fomentaranse as actividades comunicativas máis lúdicas e creativas e utilizarase, sempre que for posible, o material adicional do que dispón o departamento (vídeos, DVD, CD, cintas, cancións, xogos didácticos...) así como o acceso á rede para dinamizarmos as clases e ao mesmo tempo consolidar os contidos nocionais e funcionais, lingüísticos e temáticos desenvolvidos.

Os exercicios de gramática, ortografía ou léxico introducíranse en función dunha tarefa concreta, para axudar ao desenvolvemento desta, antes dela (como actividade de planificación) ou despois (como actividade de reforzo).

A lingua usada na aula polo alumnado e polo profesorado como vehículo de comunicación será o francés, xa desde os niveis máis baixos, para garantir unha maior exposición directa do alumnado ao idioma obxecto de estudo.

En resumo, aplicarase unha metodoloxía que resulte:

- Práctica: de xeito que lle proporcione ao alumnado soltura no manexo do francés.
- Realista: que estea en consonancia coa realidade de coñecementos previos e cos centros de interese do propio alumnado.
- Flexible: que permita a adecuación do programa ás necesidades e preferencias do alumnado.
- Integral: que procure a formación do alumnado dunha maneira completa, que non se limite soamente á forma da lingua, senón que toque tamén a realidade social que a conforma e todos puntos sobre a cultura francófona cuxo coñecemento poida supoñer para o alumnado unha mellora da competencia;
- Contextualizada: permitir a adecuación do programa ao contorno así como ás necesidades e carencias do alumnado.
- Progresiva: partindo do básico, para conseguir, pouco a pouco, unha maior complexidade e participación do alumnado.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS

O departamento ten á súa disposición os recursos didácticos tradicionais como poden ser libros de texto, dicionarios e libros de material fotocopiabile, e tamén outros recursos como películas, series, documentais, xogos, revistas, e subscricións a recursos en liña e en papel. Parte da labor do departamento este curso, como noutros anteriores, é contribuír a un banco de materiais compartido por todo o profesorado.

8. DIRECTRICES PARA CREAR, ORGANIZAR E MANTER O BANCO DE MATERIAIS DO DEPARTAMENTO

A elaboración da programación didáctica é unha oportunidade para que o profesorado poida reflexionar sobre os materiais e as ferramentas que utilizará para poñer en práctica o contido da mesma. Nalgúns casos, todo ou parte do material didáctico será elaborado polo profesorado que imparta o nivel. Noutros, o profesorado utilizará un libro de texto como apoio á docencia. En todos os casos, e tratándose tanto de materiais creados con anterioridade como publicados por editoriais, o momento da elaboración da programación didáctica irá da man da revisión destes materiais e a análise das carencias nos mesmos. Tamén irá acompañado dunha proposta de materiais que deberán ser creados ou atopados para poder completar a programación dunha forma satisfactoria.

O departamento didáctico terá un banco de materiais, co obxectivo de facilitar que o profesorado pertencente ao mesmo poida acceder facilmente aos materiais antes descritos, mesmo en casos de profesorado traballando nas seccións, profesorado de nova incorporación ou substituto, etc. O banco clasificará os materiais en dous tipos - material obrigatorio, que forma parte esencial da programación didáctica, e material de uso opcional, presente para completar e enriquecer a docencia. O profesorado que imparta o nivel clasificará e organizará este material, manténdoo actualizado, e facilitará o acceso ao mesmo. Neste curso 2024-2025, este material será compartido na aula Moodle correspondente á coordinación de nivel.

9. BIBLIOGRAFÍA E MATERIAL RECOMENDADO

NIVEL BÁSICO A1 E A2

BÁSICO A1 (ANUAL E INTENSIVO)

LIBRO DE TEXTO:

Entre nous 1, Édition hybride, Maison des Langues, 2022. (Inclúe un código para acceder aos recursos dixitais durante 12 meses) ISBN: 9788419236593 ou *Entre nous 1*, Maison des Langues, 2015. ISBN: 9788484439189

BÁSICO A2 (ANUAL E INTENSIVO)

LIBRO DE TEXTO:

A2 (anual, SEDE DE VITE)

Entre nous 2, Édition hybride, Éditions Maison des Langues, 2022. (Inclúe un código para acceder aos recursos dixitais durante 12 meses) ISBN: 9788419236609 ou *Entre nous 2*, Éditions Maison des Langues, 2015. ISBN: 9788484439271

A1/A2 Integrado (SEDE DE VITE e Sección de Noia)

- *Nouveau Rond-Point 1 (A1/A2), Édition hybride*, Éditions Maison des Langues, 2011 (Inclúe un código para acceder aos recursos dixitais durante 12 meses) ISBN: 9788419236685 ou *Nouveau Rond-Point 1 (A1/A2)*, Éditions Maison des Langues. ISBN: 9788484436614
- *Nouveau Rond-Point 1 (A1-A2) CAHIER D'ACTIVITES* ISBN: 9788484436621

BIBLIOGRAFÍA DE CONSULTA RECOMENDADA PARA O NIVEL BÁSICO:

Básico A1 e A2: libros de consulta recomendados

TODAS AS DESTREZAS

Activités pour le cadre commun européen de référence, niveau A1. Clé International.

Activités pour le cadre commun européen de référence, niveau A2. Clé International

DESTREZAS ORAIS

Compréhension orale niveau 1 (A1/A2). Compétences Clé International.

DESTREZAS ESCRITAS

Compréhension écrite niveau 1 (A1/A2). Compétences Clé International.

GRAMÁTICA

Grammaire progressive du français. Clé International.

La grammaire du français (220 activités) A2. Maison de langues.

Grammaire en dialogues. Niveau débutant. Clé International.

Communication progressive du français (niveau débutant). Clé International.

VOCABULARIO

Vocabulaire essentiel du français (niveaux A1/A2). Didier.

Vocabulaire progressif du français (niveau débutant). Clé International.

FONÉTICA E PRONUNCIA

Phonétique progressive du français (avec 600 exercices). Clé International.

Phonétique essentielle du français A1-A2. Didier

NIVEL INTERMEDIO B1

Libro de texto

Non se usa método.

BIBLIOGRAFÍA DE CONSULTA RECOMENDADA PARA O NIVEL INTERMEDIO B1:

TODAS AS DESTREZAS *Activités pour le cadre commun européen de référence, niveau B1*. Clé International.

DESTREZAS ORAIS *Compréhension orale niveau 2 (B1)*. Compétences Clé International.

DESTREZAS ESCRITAS *Compréhension écrite niveau 2 (A2/B1) et niveau 3 (B1/B1+)*. Compétences Clé International.

GRAMÁTICA **L'EXERCISIER B1-B2**, *Édition hybride*, Livre + version numérique. ISBN : 978-2706151460

Communication progressive du français (niveau intermédiaire). Clé International.

Exercices audio de grammaire (grammaire progressive, niveau intermédiaire). Clé International.

L'Exercisier - 600 exercices PUG Santillana (Ed. hybride) ISBN 978-2-7061-5146-0
Grammaire en dialogues. Niveau intermédiaire. Clé International
Grammaire progressive du français. Niveau intermédiaire. Clé International

VOCABULARIO *Vocabulaire progressif du français (niveau intermédiaire)*. Clé International.
FONÉTICA E PRONUNCIA *Phonétique progressive du français (niveau avancé B1/B2)*. Clé International.
DICIONARIOS

Monolingües

Le petit Robert de la langue française.

Dictionnaire du français. Le Robert & Clé international.

Bilingües

Diccionario avanzado francés-español / español-francés. Vox.

Dictionnaire général/Diccionario general francés-español / español-francés. Larousse.

NIVEL INTERMEDIO B2

B2.1

LIBRO DE TEXTO:

illico 4 (B2)

Libre de l'élève. ISBN: 978-2-01-513573-1. Cahier d'activités. ISBN: 978-2-01-513572-4. Ed. Hachette/SGEL (2019)

B2.2

LIBRO DE TEXTO:

illico 4 (B2)

Libre de l'élève. ISBN: 978-2-01-513573-1. Cahier d'activités. ISBN: 978-2-01-513572-4. Ed. Hachette/SGEL (2019)

BIBLIOGRAFIA DE CONSULTA RECOMENDADA PARA O NIVEL INTERMEDIO B2 :

Práctica de todas as destrezas *Activités pour le cadre commun européen de référence, niveau B2*. Clé International.

DESTREZAS ORAIS *Compréhension orale niveau 3 (B1+/B2)*. Compétences Clé International.

DESTREZAS ESCRITAS

Compréhension écrite niveau 4 (B2). Compétences Clé International.

Lire un texte académique en français (B2/C1). Ophrys.

GRAMÁTICA

L'EXERCISIER B1-B2, Édition hybride, Livre + version numérique. ISBN : 978-2706151460

VOCABULARIO

Vocabulaire progressif du français (niveau avancé). Clé International.

FONÉTICA E PRONUNCIA *Phonétique progressive du français (niveau avancé B1/B2)*. Clé International.

DICIONARIOS

Monolingües

Le petit Robert de la langue française.

Dictionnaire du français. Le Robert & Clé international.

Bilingües

Diccionario avanzado francés-español / español-francés. Vox.

Dictionnaire général/Diccionario general francés-español / español-francés. Larousse

NIVEL AVANZADO

C1.1

LIBRO DE TEXTO:

Non hai libro de texto.

C1.2

LIBRO DE TEXTO:

illico 5 (C1-C2). Libre de l'élève. ISBN 978-2-01711461-1 Ed. Hachette/SGEL, 2020

Livre de l'élève (avec DVD-ROM) . ISBN: 978-84-9049-286-4. Cahier d'activités. ISBN: 978-84-9049-287-1.

C2

LIBRO DE TEXTO:

Non se usará libro de texto.

BIBLIOGRAFIA DE CONSULTA RECOMENDADA PARA O NIVEL AVANZADO:

TODAS AS DESTREZAS

Activités pour le cadre commun européen de référence, niveaux C1-C2. Clé International.

abc DALF C1/C2. 150 exercices. Clé International.

EXPRESIÓN E INTERACCIÓN ESCRITAS *Production écrite. Niveaux C1-C2. Atelier FLE, Didier.*

DESTREZAS ORAIS *Compréhension orale niveau 4 (B2/C1). Compétences Clé International.*

DESTREZAS ESCRITAS *Lire un texte académique en français (B2/C1). Ed. Ophrys.*

GRAMÁTICA L'Exercisier - 600 exercices PUG Santillana (Ed. hybride) ISBN 978-2-7061-5146-0

VOCABULARIO *Vocabulaire progressif du français (niveau perfectionnement) avec corrigés et CD. Clé International.*

FONÉTICA E PRONUNCIACIÓN *Phonétique progressive du français (niveau avancé). Clé International.*

DICIONARIOS

Monolingües

Le petit Robert de la langue française.

Le petit Robert des noms propres.

Le Robert combinaisons de mots

Bilingües

Dictionnaire avancado français-espagnol / espagnol-francés. Vox.

Dictionnaire général/Dictionario general français-espagnol / espagnol-francés. Larousse.

10. MEDIDAS PARA A UTILIZACIÓN DAS TIC

Vivimos nun mundo globalizado onde as tecnoloxías da información e comunicación (TIC) na vida das persoas, tanto na vida cotiá como na profesional, privada ou no tempo de lecer, están a cada paso máis presentes, e a aprendizaxe de linguas non é ningunha excepción a esta tendencia: os recursos en liña que permiten axudar a esta aprendizaxe multiplícanse de forma exponencial. Pero ademais, a declaración do estado de alarma en marzo do curso pasado por mor da pandemia, e o imprevisto confinamento de toda a poboación, puxo ao profesorado e ao alumnado ante a necesidade perentoria de formación e alfabetización na utilización das TIC para seguir aprendendo.

Neste curso 2024/25, continúa o afondamento no uso de ferramentas, por exemplo no marco do uso das Aulas Moodle. Tamén contaremos por segundo ano consecutivo cun curso semipresencial no nivel B1 que se impartirá en dous dos grupos de B1.

Parte do noso alumnado está xa afeito a aprender e a comunicarse mediante recursos dixitais: resultaralle moito máis satisfactorio facer actividades de aprendizaxe non só centradas na cultura escrita e impresa senón tamén na cultura dixital. Outros alumnos, aínda que non dominan eses recursos, están interesados en facelo e na actual situación, case obrigados a facelo.

Polo tanto, resulta conveniente e imprescindible utilizar, ademais dos recursos tradicionais dispoñíbeis no centro (chave USB, MP3, ordenador portátil con canón), outros presentes en internet, tendo en conta que a EOI está equipada con conexión WIFI, e encerados interactivos. Desafortunadamente, a rede Wifi para o alumnado non existe no noso centro, o que limita o acceso a recursos existentes na rede durante as aulas, sendo preciso relegalos ao traballo en autonomía do alumnado. Dispoñemos dun aula móbil con tablets que tamén depende do bo funcionamento da WIFI no momento do uso das mesmas.

As vantaxes do uso das TIC no ensino de idiomas son, entre outras, a motivación (carácter innovador e interactividade), o método e rigor, o traballo ao ritmo persoal, a autonomía e a interdisciplinabilidade. Máis especificamente, Internet supón outra forma de estar en contacto coa lingua auténtica, fai entrar o mundo exterior na aula e serve como punto de partida para múltiples actividades.

Así pois, convén:

- favorecer o uso de redes sociais e da *web* como ferramenta tanto de recepción como de produción de información e interacción / intercambio con outros usuarios da lingua aprendida (uso de *blogs, podcasts, wikipedia, Facebook...*).
- fomentar a participación en proxectos de colaboración a distancia que utilicen as TIC (*chat, correo electrónico, foros, telefonía ou videoconferencia a través de internet*): estes recursos permiten realizar proxectos con participantes de países nos que o francés tamén se estuda ou é vehículo de comunicación ou nos que se traballe de forma multilingüe.
- favorecer o desenvolvemento de estratexias para a procura, selección e organización de información na *web* (como por exemplo, a través das *webquests*: investigacións a través de internet), utilizando o francés, e promover a creación de *webquests* para usalas nas clases, como actividades complementarias ou de síntese da materia.
- promover o uso de plataformas de xestión de aulas virtuais, como Aula Moodle: son ferramentas útiles para construír o coñecemento no traballo en grupo e tamén para a titoría e a orientación individualizada do alumnado. Trátase, en definitiva, de favorecer a continuidade fóra da aula do proceso de aprendizaxe. As aulas virtuais son repositorios de material pero tamén prolongación do traballo fora da aula, como se explica no punto adicado a metodoloxía.
- incentivar a difusión dos materiais e dos contidos creados polo alumnado e o profesorado na intranet da EOI e na internet, por exemplo mediante a publicación nun blog.

As actividades que fomenten o uso das TIC son valiosas ferramentas para poñer en práctica o traballo por tarefas, enfoque metodolóxico que defende o MECR.

Todos os métodos elixidos polo departamento teñen versión dixital que se pode utilizar na clase e que propoñen materiais complementarios.

Exemplos de recursos en liña máis utilizados no departamento para a aprendizaxe e o ensino do francés:

- prensa: *lemonde.fr, liberation.fr, leexpress.fr, lepoint.fr, lesoir.be, lalibre.be, le1.fr...*
- Televisións: *tv5monde.com, tv5mondeplus.com, arte.fr, france2.fr, france3.fr, tf1.fr, rtbf.be, france24.com, tsr.ch...*
- radio: *rfi.fr, franceinter, europe1.fr, arteradio.com, radiofrance.fr, lapremiere.be...*
- exercicios en liña: *leplaisirdapprendre.com (Cavilam), francparler.org, fle.fr, bonjourdefrance.com, ciep.fr, chez.com/exercicesfrançais, lepointdufle.net, tv5monde.com, www.francaisfacile.com ...*

11. LIÑAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Alumnado con dificultades cognitivas e/ou de memoria de traballo

Estratexias para minimizar as dificultades de aprendizaxe previndo unha sobrecarga da memoria de traballo, promover as funcionalidades de traballo e empregar estratexias de aula e impacto no deseño das unidades didácticas:

- Reducir as intervencións faladas do profesorado, canto máis fala máis ten que loitar o alumnado por entender.
- Avaliar as demandas de traballo das actividades de aprendizaxe e reducir a dificultade de procesamento. As actividades que supoñen demandas dun almacenamento moi grande/de memoria de traballo implican frecuentemente a retención de cantidades significativas de material verbal cun contido relativamente arbitrario (p.e. lembrar secuencias de tres ou máis números ou palabras que non se relacionan entre si).
- Dar tempo de procesamento extra para contestaren preguntas (tempo de espera); **simplificar a cantidade de procesamento mental dándolles "pistas" escritas no taboleiro.**

- Acrecentar o grao de significado e de familiaridade do material que hai que lembrar (personalizar e contextualizar).
- Repetir información importante (repetición espaciada), deterse de cando en cando e preguntarlles que resuman o que aprenderon até o momento.
- Dividir instrucións que teñen múltiples pasos en pasos separados, dándolles tempo para realizar os pasos; darlles instrucións escritas como referencia; reestruturar tarefas complexas (dividir en anacos máis pequenos).
- Animar a usar axudas para a memoria (información chave, incluídos os obxectivos das unidades ou actividades, criterios de avaliación, etc; usar mapas conceptuais; apoios visuais).
- Empregar diferentes organizadores gráficos para ensinar novos conceptos e informacións.
- Minimizar a ansiedade e temores do alumnado, porque impactan na capacidade cognitiva.
- Proporcionar recursos prácticos (na súa mesa, se se precisar) para reducir a sobrecarga de memoria, por exemplo, comezos de oracións, soletreo de vocabulario chave, papel pautado, etc.
- Reducir a cantidade total de material que haxa que almacenar ou lembrar (por exemplo, acurtar as oracións que teñan que escribir ou o número de items que teñan que lembrar).
- Usar técnicas de ancoraxe para asegurar que poidan ligar coñecementos previos, proporcionar o contexto, desenvolver rutinas, etc.

O procesamento oral na memoria de traballo supón grandes dificultades, por exemplo, seguir as instrucións orais, coller apuntamentos nas conferencias, respostas escritas a preguntas orais, etc. Por tanto, debemos reducir as cargas da memoria de traballo por medio de:

- Simplificar as instrucións e dividilas en pasos individuais (con axuda de axudas de memoria se for posíbel).
- Dividir as preguntas en segmentos para minimizar a carga de memoria.
- Repetir o contido varias veces para que o alumnado o ouza e procese claramente.
- Animar o alumnado a pedir información cando se require.
- Dar ao alumnado máis tempo de agarda para poderen procesar a información.

Cumpre, ademais, lembrarmos que:

- Cada estudante ten un nivel e función de memoria de traballo e dificultades cognitivas diferentes.
- A memoria de traballo es as dificultades cognitivas van afectar o desempeño nas probas de avaliación.
- A ansiedade, o estrés e o medo engaden máis problemas ás dificultades cognitivas e á memoria de traballo.
- O alumnado que ten moitas dificultades cognitivas e/ou moitos problemas de memoria de traballo na súa L1 vai ter aínda moitos máis coas dificultades cognitivas e coa súa memoria de traballo nunha L2 a

Organizadores gráficos facilitadores da memoria de traballo e que palían as dificultades cognitivas:

- mapas conceptuais e 2 columnas pros/contras (para remuíños de ideas, revisión, vocabulario, conceptualización, etc)
- fichas boca abaixo para descubrir pares, con imaxes, palabras, sons, grafías, etc
- arañeiras ou mapas conceptuais (vocabulario)
- dados
- nubes de palabras (vocabulario, conceptos)
- gráficos: liñas, de barras, tarta.
- "decision tree": elaborar instrucións para resolver un problema
- diagrama de Venn: mostrar similitudes e diferencias
- Smart Art de ciclo: mostrar un proceso de causas-consecuencias
- Liñas temporais: tempos verbais
- Mostrar información sobre cinco tipos de dietas por categorías: táboa ou gráfico, fichas con nomes dos tipos de dietas e outras con definicións, e unilos (isto xa non sería presentación, sería o exercicio)

- Clasificar características: Diagrama de Carroll
- Placemat: Debater, contrastar

12. PROCEDEMENTOS PARA COORDINAR, VALORAR E REVISAR O DESENVOLVEMENTO E RESULTADO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Avaliación da programación e instrumentos

A aplicación práctica da programación didáctica esixe unha reflexión e avaliación sistemática dos elementos fundamentais que a compoñen. Podemos identificar diferentes elementos avaliábeis partindo do proceso ensino-aprendizaxe e a súa modelación en sentido sistémico. Estes elementos non son máis que a composición do propio proxecto curricular, se ben esta análise terá que ser feita dende unha perspectiva práctica e concreta tendo en conta: que metas se presentan, arredor de que contidos xira, que medidas de intervención didáctica se presupoñen, que materiais e recursos didácticos se utilizaron, que sistemas de avaliación se aplicaron e a funcionalidade procedural xeralmente empregada.

1. Avaliación dos obxectivos
 - Adecuación dos obxectivos xerais de nivel.
 - Se se relacionan con todos os niveis evolutivos do alumno.
 - Se os requerimentos se adaptan ós coñecementos e capacidades reais dos alumnos nun nivel óptimo para o éxito do proceso de aprendizaxe.
 - Se teñen redundancias ou contidos innecesarios.
2. Avaliación dos contidos
 - Se concretizan os obxectivos propostos.
 - Se se adaptan ao currículo vixente.
 - Se amosan unha lóxica interna.
 - Se teñen en conta unha perspectiva plurilingüe.
 - Se inclúen autoavaliación do estudante (nas súas propias metas).
3. Avaliación do conxunto da experiencia educativa
 - Se a súa estrutura permite o tratamento de diferentes dimensións de contido para acadar os obxectivos propostos.
 - Se a súa estrutura e oferta permite unha adaptación para a atención á diversidade en función dos requerimentos, propostas e ideas dos alumnos.
 - Se ten en conta o proceso de autoavaliación e autoaprendizaxe do alumno.
 - Se permite a adquisición de aprendizaxe instrumental por parte do alumno.
4. Avaliación dos recursos didácticos
 - Se apoian a interacción entre os estudantes e entre profesor-estudantes.
 - Se se utilizan recursos habituais da vida cotiá non feitos con fin didácticos do tipo de trípticos, periódicos, etc.
 - Se os recursos son útiles para o desenvolvemento dos contidos e acadamento dos obxectivos.
 - Se permiten o exercitamento de diferentes formas de expresións.
 - Se son atractivos na presentación dos temas.
 - Se estimulan as diferentes formas receptivas.
 - Se son adecuados para o seu uso creativo.
 - Se estimulan a participación activa do estudante, a súa creatividade, autonomía e socialización.
 - Se o estudante participa dalgún xeito na súa escolla.

Para analizar estes aspectos, a programación didáctica estará suxeita a dous tipos de avaliación: de progreso e final. A avaliación de progreso permitirá unha mellor aplicación da programación didáctica á hora de desenvolver a de aula e un axuste máis adecuado ás necesidades do alumnado. A avaliación continua da programación permite adaptala na medida do posible ás necesidades que se vaian

detectando durante todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación final terá como obxectivo a consideración da programación dun ano escolar para o seguinte, reformulando aqueles aspectos que se considere oportuno. Os instrumentos de avaliación da programación que se empregarán serán os seguintes:

1. Reunións de coordinación departamental e de coordinación pedagóxica (CCP). Estas reunións permitirán unha avaliación progresiva da programación, permitindo adaptala ás necesidades do alumnado e facendo os axustes precisos para que os obxectivos programados sexan acadados con maior éxito.
2. Reunións de avaliación final. Estas reunións de final de curso terán como obxectivo a análise do desenvolvemento da programación, reflexando na memoria final do departamento aqueles apartados que precisan ser modificados ou reformulados.
3. Memoria final. Este documento comprenderá, entre outros puntos, a serie de aspectos da programación que sería preciso reformar para adaptala, tanto ao tempo dispoñible, como ás necesidades do alumnado, como a un mellor axuste co establecido no currículo. Todos os aspectos a reformar que se inclúan na memoria serán tidos en conta á hora de elaborar a programación didáctica do ano seguinte.
4. Enquisas de interese entre o alumnado. Este instrumento permite coñecer a opinión do alumnado respecto á adecuación do libro de texto, das actividades propostas, da temporalización seguida e do traballo de aula, entre outros datos.
5. Estatísticas. Despois de feita a avaliación final do alumnado, estudaranse os datos estatísticos respecto ao número de aprobados, suspensos e non presentados por cada curso, co obxectivo de detectar un posible abandono e fracaso escolar ligado a desaxustes na programación didáctica.

Un dos instrumentos usados na aula para a valoración do desenvolvemento da programación son as táboas de autoavaliación do Portfolio Europeo das Linguas, as cales son útiles para que o profesorado faga unha reflexión sobre o enfoque do curso e para que o alumnado reflexione sobre o seu grao de adquisición das competencias do nivel.

13. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Os procedementos que se usarán para realizar a avaliación interna do departamento son os seguintes:

- Observación: a observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados. A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas, do contacto co profesorado do departamento tanto persoalmente como por correo electrónico, e das queixas de alumnas e alumnos.
- Reflexión en grupo: isto pode facerse entre os seguintes colectivos:
 - Entre todo o profesorado nas reunións de departamento.
 - En reunións entre as distintas xefaturas de estudo e a xefa do departamento para analizar as necesidades que poidan ter as distintas seccións.
 - Nas reunións de coordinación de nivel e entre a xefatura de departamento e os coordinadores.
 - Na CCP e noutras reunións co equipo directivo.
- Enquisas: Como mínimo unha vez ao curso enviarase unha enquisa ao profesorado do departamento para analizar o funcionamento do mesmo. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:
 - anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.
 - Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
 - Brevidade.

A mellor avaliación é probablemente a que se fai en cada reunión de departamento nos intercambios de opinións, vivencias e outros... Alí é cando se toman decisións, cando se fan cambios se fai falta. No departamento de francés, aparte da posta en común das actividades de cada curso nas coordinacións, o traballo que se fai cos auxiliares de conversa resúmese nuns documentos en Google Drive

establecidos entre tódolos profesores para programar as actividades con eles. Logo de facelas, os auxiliares poñen as súas impresións e os seus resultados na táboa.

En canto aos exames, unha das tarefas de posta en común é a de expresión escrita unha vez corrixidos polos dous profesores. Fálase dos criterios, das táboas... O que se intenta facer é cambiar as parellas de avaliación, na escrita e tamén no oral para unha máis grande obxetividade.

Cada final de cuadrimestre, pódese facer unha avaliación interna para ver se as outras avaliacións habituais son suficientes o se hai que

A xefa de departamento pode deixar aos membros do departamento este tipo de enquisa e valorar os resultados:

Enquisa no Departamento de Francés

Como podemos mellorar o noso departamento?

Por favor marca os seguintes aspectos do 1 ao 5, sendo 1 a valoración máis baixa e 5 a máis alta. Tamén deixa os teus comentarios sobre como cres que as cousas se poden mellorar.

Primeiro, marca se estiveches este curso en:

Vite Sección de Noia

Como valorarías os seguintes aspectos do departamento de francés?

1. Actividades culturais Como pode mellorar?
2. Recursos didácticos Como pode mellorar?
3. Reunións de departamento/coordinació. Como pode mellorar?
4. Elaboración dun banco de exames. Como pode mellorar?
5. Organización das probas finais de xuño . Como pode mellorar?
6. Comunicación coa xefa do departamento. Como pode mellorar?
7. Uso dos espazos do departamento. Como pode mellorar?
8. Outros:

Algún outro comentario?

14. PROCEDEMENTOS PARA IDENTIFICAR E CANALIZAR AS NECESIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO DO DEPARTAMENTO

Como en calquera aspecto da vida, tamén nos centros de ensino é necesario, antes de deseñar e intervir, realizar un estudo previo –análise de necesidades- que nos permita calcular coa maior exactitude posíbel os aspectos en que debemos centrar o noso traballo formativo, como debemos realizalo e secuencialo, etc.

É importante que a análise das necesidades non sexa realizada “de arriba para abaixo”, é dicir, que non sexan exclusivamente os membros dos equipos directivos, da inspección ou da Consellaría, os que determinen cales son as necesidades que ten o profesorado; para isto é importante lembrar que as necesidades non son só déficits ou carencias e que existen necesidades de diferente tipo:

- Normativas: aluden ao establecido por lei normal ou social.
- Sentidas: percepcións subxectivas de cada persoa.
- Expresas: exixencias xeneralizadas.
- Comparativas: derivadas da diferenza entre grupos en igualdade de condicións onde un posúe algo que os outros non teñen.
- Prospectivas: fan referencia a necesidades que xurdirán no futuro.

Os procedementos básicos que se utilizarán para detectar as necesidades de formación do profesorado do departamento serán principalmente tres:

- Observación: a simple observación persoal permítenos detectar problemas, erros e carencias que poderían ser remediados a través da acción formativa (dificultades para gravar un cd, uso incorrecto **dos aparellos electrónicos...**). A estas observacións pódense engadir outras derivadas da análise de situacións anómalas ou estrañas e das queixas de alumnas e alumnos.
 - Reflexión en grupo: o proceso podería ser o que segue:
 - Distribución do profesorado (dun único departamento ou de varios) en grupos de 5 ou 6 persoas; escolla de voceiro.
 - Reflexión individual sobre as propias necesidades e elaboración dunha lista.
 - Debate no grupo e contraste das reflexións individuais para conseguir unha proposta consensuada (sen excluír ningunha das anteriores); posteriormente repetirase o proceso cos resultados dos outros grupos.
 - Enquisas: poden ser dirixidas ao profesorado ou ao alumnado. Para optimizar a utilidade do cuestionario, este deberá seguir algunhas normas:
 - anonimato: non se poderá pedir nome nin sinatura, evitarase que haxa que escribir algunha á man e non se farán preguntas identificadoras.
 - Motivación e información: débese informar previamente da utilidade da enquisa e posteriormente dos resultados.
 - Brevidade.
- O principal problema da enquisa, a pesar destas "precaucións", será a inevitábel subxectividade das percepcións dos suxeitos entrevistados.